

## Algúns aspectos da morfoloxía verbal e da estrutura da sílaba en galego: as vocais temáticas postónicas da C-II e da C-III en hiato\*

Francisco Dubert García  
Universidade de Santiago de Compostela

### 1. INTRODUCCIÓN

O fin do presente traballo é realiza-la análise dunha serie de verbos que por circunstancias da súa evolución histórica presentan, ou presentaron, un hiato no seu interior; máis concretamente imos estudia-lo grupo de verbos que teñen ou tiveron a súa raíz rematada en vocal e que na flexión suman ou sumaban unha vocal temática (VT) palatal sen ningún elemento de transición: *moer, pór, roer, caer, ter, traer, oír, saír, vir, etc.* Interesaranos ademais, non o paradigma completo, senón só as P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> do IPres, por se verificar nelas un encontro entre unha tónica aberta<sup>1</sup> ([a], [e] ou [ɔ]) e outra átona e semipechada (sempre a VT [e]) seguido de -s/ implosivo na P<sub>2</sub>, de Ø na P<sub>3</sub>, e de -ŋ/ implosivo na P<sub>6</sub> (onde -s/ e -ŋ/ son SNP). Por un lado, todos estes verbos presentan ó longo do noso territorio lingüístico unha disparidade de formas froito do tratamento que se lles deu ós hiatos orixinarios; así por exemplo, o *Atlas Lingüístico Galego* (dende agora ALGa) mostra as seguintes variantes na P<sub>2</sub> de *oír*: [ˈoɛs̺], [ˈoɛ̃s̺], [ˈoɛ̃s̺], [ˈo̞s̺], [ˈo̞ɛ̃s̺] e [ˈo̞ɛ̃s̺] (neste listado deixamos á parte os resultados *ouves, ougues*, pertencentes a *ouvir* e a *ouguir*). Por outro, o tratamento que se lles dá a estas formas verbais na elaboración do galego estándar constitúe

\* Data de aceptación: novembro de 1995.

<sup>1</sup> Tradicionalmente, véñse considerando que o galego conta cun sistema fonolóxico vocálico de catro alturas: altura 1 /a/, altura 2 /e, ɔ/, altura 3 /e, o/, e altura 4 /i, u/; Veiga (1994) propón un sistema de tres: altura 1 /a, e, ɔ/ (vocais abertas, ou densas), altura 2 /e, o/ (vocais semipechadas ou non-difusas non-densas) e altura 3 /i, u/ (vocais pechadas ou difusas), xa que non considera fonolóxico, por redundante, o trazo de abertura de /a/ (aberta ou densa), que se opón a /e/ e a /ɔ/ só polo punto de articulación.

unha das diferencias entre os dous modelos normativos que hoxe se propoñen en Galicia; de feito, foron dúas afirmacións contradictorias as que nos levaron a matinar sobre este problema: a VT da P<sub>2</sub> e P<sub>3</sub> do IPres e da P<sub>2</sub> do Imp dos verbos regulares da C-II e C-III que teñen a súa raíz rematada en vocal (os “verbos acabados en *-aer*, *-oer*, *-aír*, *-oír*, *-uír*”) debe grafarse segundo a norma autonomista con *-e-*, mentres que na reintegracionista a grafía estandarizada é *-i-*. Entre as xustificacións de cada unha destas escollas encontramos afirmacións que tamén se contradín: (a) “podemos observar que o *-e* se interpreta como [e] e non como [j] porque a énclice do pronome non esixe o alomorfo *no*, *na*, *nos*, *nas* como ocorre cando a terminación do verbo é realmente un ditongo: *seino*, *hainas*, *leveinos*, *moeunas*, etc., pero *el móeo*, *el remóea* (e non *\*moino*, *\*remoina*)” (*Normas*: 121); e (b): “note-se ainda que se di *traí-no* e *oi-no*, non *\*trae-o* e *\*oe-o*” (*Est.Crit.*: 114).

Foron estas diferencias, con exemplos parece que escollidos adrede por cada unha das partes, as que nos motivaron a facer unha pequena enquisa. Entrevistouse a un matrimonio de Muros (A Coruña) de arredor de sesenta anos: a muller viviu sempre na vila, traballa no negocio familiar nun medio practicamente monolingüe en galego, e ten en xeral unha lingua moi conservadora; o home pasou vinte anos fóra da vila, traballou nun banco nun marco fortemente bilingüe e diglósico, e está máis aberto ás innovacións. Os resultados obtidos son os seguintes:

|              | Home                    | Muller                     |
|--------------|-------------------------|----------------------------|
| <i>oír</i>   | María [ˈo̞i̞na] ben     | María [ˈo̞ɣa] ben          |
| <i>traer</i> | Chuca [ˈtra̞i̞na] posta | Chuca [ˈtraɣa] posta       |
| <i>roer</i>  | María [ˈro̞ɣa] ben      | María [ˈroɣa] ben          |
| <i>moer</i>  | O muiñeiro [ˈmo̞ɣa] ben | O muiñeiro [ˈmoɣa] ben     |
|              | Home                    | Muller                     |
| <i>oír</i>   | Juana [ˈɔ̞ino] ben      | Juan [ˈɔ̞ɣo] ~ [ˈɔ̞io] ben |
| <i>traer</i> | Chuca [ˈtra̞ino] posto  | Chuca [ˈtraɣo] posto       |
| <i>roer</i>  | Juana [ˈro̞ɣo] ben      | Juan [ˈroɣo] ben           |
| <i>moer</i>  | O muiñeiro [ˈmo̞ɣo] ben | O muiñeiro [ˈmoɣo] ben     |

Tendo en conta estes datos, imos tentar neste estudio observar á luz das tendencias fonéticas e morfolóxicas que o galego presenta qué pasa realmente neste grupo de verbos; para isto, imos en primeiro lugar recordar algúns fenómenos de índole fonética diacrónica e sincrónica ben coñecidos, aínda que arrequeitados por algunha reflexión propia; nun segundo momento analizaremos con esas armas unha proposta que describa a xénese das variantes desde un punto de vista evolutivo, para, a seguir, tentar unha descrición xeográfica sincrónica e diacrónica que xustifique a súa actual distribución no mapa lingüístico galego; despois acometerémo-la análise morfolóxica da combinatoria da P<sub>3</sub> do pronome acusativo átono coa P<sub>3</sub> do IPres destes verbos nestes contextos; finalmente non evitaremos unha breve reflexión sobre as diferentes propostas estandarizadoras no que se refire a este punto.

Neste traballo, ademais, imos usar unha serie de símbolos e abreviaturas que a seguir esclarecemos:

|  |   |
|--|---|
| <i>VT</i> = vocal temática             | § = marxe silábica                        |
| <i>VR</i> = vocal radical              | N = calquera realización do /N/ implosivo |
| <i>SNP</i> = sufixo de número e persoa | S = calquera realización do /s/ implosivo |
| <i>SMT</i> = sufixo de modo e tempo    | C = calquera consoante                    |
| C-I = primeira conjugación             | U = semivocal velar                       |
| C-II = segunda conjugación             | I = semivocal palatal                     |
| C-III = terceira conjugación           | $\underset{\sim}{V}$ = semivocal          |
| IPres = Presente de Indicativo         | $\acute{V}$ = voca tónica                 |
| IPret = Pretérito de Indicativo        | V = vocal                                 |
| SPres = Presente de Subxuntivo         | $V_1$ = vocal en hiato situada á esquerda |
| Imp = Imperativo                       | $V_2$ = vocal en hiato situada á dereita  |
| +(subíndice) = secuencia reconstruída  | * = secuencia que non existe              |

Ademais, ímonos referir ós puntos do *ALGa* coas siglas que este usa: C. = A Coruña, L. = Lugo, O. = Ourense, P. = Pontevedra, A. = Asturias, Le. = León, e Z. = Zamora. Para a súa localización no mapa debe consultarse o tomo respectivo do *Atlas*.

## 2. ALGUNHAS TENDENCIAS FONÉTICAS. SOBRE A ESTRUCTURA DA SÍLABA EN GALEGO

Como acabamos de avisar, antes de comezar co estudio formal dos verbos e da combinatoria da  $P_3$  co pronome acusativo  $P_3$ , pensamos que é de utilidade recordar algúns datos sobre a estrutura da sílaba e a súa combinatoria en galego. Ofrecemos primeiro uns datos sobre o comportamento dos hiatos, que encaixamos nun grupo á parte porque o seu estudio está máis relacionado coa combinatoria das unidades sílaba entre delas ca coa estrutura interna das unidades sílaba (aínda que teremos que facer referencia á estrutura das unidades sílaba, se queremos entende-lo seu comportamento combinatorio). Despois trataremos da estrutura da sílaba en tanto que unidade; o único que nos interesará aquí son as restricións que afectan á súa coda.

Imos tocar estes agrupamentos porque son os contextos fonéticos que afectan tanto ós verbos coma á combinatoria deles cos pronomes: como xa dixemos, os verbos que analizaremos teñen hiatos na súa orixe, e forman novos hiatos ó engadírsele a  $P_3$  do pronome acusativo á  $P_3$  dos verbos; ademais, a sílaba final vai trabada nuns casos mentres que é libre noutros, polo que os contextos non sempre son os mesmos, e poden adaptarse, ou non, ás pautas habituais do galego común.

## 2.1. Sobre os hiatos en galego e dunhas restricións no ataque da sílaba

2.1.1. Os hiatos son agrupacións vocálicas inestables. Hai que busca-la explicación desta inestabilidade nunha tendencia universal que as linguas teñen a crear estruturas silábicas que comece por consoantes que fortalezan a súa marxe explosiva. Seguindo a Vennemann (1988: 74, n. 33), podemos dicir que os procesos que serven para elimina-los grupos conflictivos que supoñen son varios: danse *desnuclearizacións* ou creacións de ditongos secuenciais<sup>2</sup>, en que estruturas V\*V con dúas vocais nucleares pasan a VÖV ou a VVÖ; existe a posibilidade da *elisión* dunha das vocais; ou que as dúas vocais xeren outra longa por medio dunha *contracción*; e finalmente, tamén son posibles as *insercións* de semivocais epentéticas ou de oclusións glotais. O galego proporciona exemplos dalgunha desas solucións: existen desnuclearizacións, coma as de FŪIT > *foe* > *foi* e -ALES > -[aeɤ] > -[aɤɤ]; contraccións, que maioritariamente xeran, non unha vocal longa, senón outra cun timbre distinto ó das orixinarias (QUINQUAGĪNTA > *cincu*[a'e]nta > *cincu*['ɛ]nta, *estáb*[ao] > *estáb*[ɔ], aínda que tamén existan alongamentos: *véx*[oo] > *véx*[o:] , *ám*[aa] > *ám*[a:]); rexístranse tamén casos de elisión (coma en *coa* > *ca*, *Xoán* > *Xan*); e xa finalmente existe a posibilidade de insertar semivocais, aínda que non oclusións glotais (CADO > *cao* > *caio*, MOLO > *moo* > *moio*)<sup>3</sup>. Así, ó longo da nosa historia lingüística obsérvanse procesos só aparentemente dispare, pois vistos desde a perspectiva do fortalecemento da marxe silábica esquerda, todos eles manteñen unha grande unidade.

Se observámo-lo tratamento que galego e portugués deron a estes grupos vocálicos, que compartían na fase medieval, vemos que non sempre coincidiu:

| Latín | Galego-portugués    | Portugués                      | Galego                     |
|-------|---------------------|--------------------------------|----------------------------|
| MĒU   | [ˈmɛu] <i>meu</i>   | [ˈmɛu] <i>meu</i>              | [ˈmɛu] ~ [ˈmɛu] <i>meu</i> |
| PLĒNO | [ˈtʃɛo] <i>cheo</i> | [ˈʃɛju] ~ [ˈʃɛju] <i>cheio</i> | [ˈtʃeo] <i>cheo</i>        |
| CAELU | [ˈtseo] <i>ceo</i>  | [ˈseju] <i>céu</i>             | [ˈθeo] <i>ceo</i>          |
| MŎLA  | [ˈmɔa] <i>moa</i>   | [ˈmɔ] <i>mó</i>                | [ˈmɔa] <i>moa</i>          |

<sup>2</sup> Conécese este tipo de ditongación como *secuencial* pois resulta da unión nunha sílaba de vocais pertencentes a sílabas diferentes, fronte á *segmental*, na que unha vocal se divide en dúas, por exemplo ĩ > [iɛ] do castelán (véxase Lloyd 1993: 194).

<sup>3</sup> A introducción dos iodes e waus que evitan a contracción baséase no fortalecemento da fronteira silábica e no intento de constituír sílabas coa estrutura CV de que falan Regueira (1989) e Vennemann (1988: 14). Isto vén en axuda da suposición de Regueira de que [i] e [y] ([j] e [w] na súa transcripción) deben ser considerados realizacións das consoantes /j/ e /w/, e non das vocais /i/ e /u/ (ou dos arquifonemas vocálicos /I/ e /U/, como queren Veiga Arias 1976 e Veiga 1994). Sen quereremos entrar nestas polémicas (véxase Veiga 1994: 70-2, para quen [j] e [w] son *estructuralmente* vocais, aínda que *distribucionalmente* ocupan a marxe silábica, igual cás consoantes), nós preferimos grafa-los iodes e waus como [i] e [y] (independentemente da súa posición na marxe), xa que cremos que *estructuralmente* son vocálicos, e os símbolos [j] e [w] son reservados no alfabeto IPA para unha *consoante* aproximante palatal o primeiro, e unha *consoante* aproximante velar o segundo, mentres que simplemente se usa o diacrítico [̣] para as vocais asilábicas. Por todo isto, imos referirnos a eles sempre como *semivocais*, tamén con independencia de se son prenucleares ou posnucleares (véxase Veiga 1994: 71).

No caso de *meu* vemos que os hiatos herdados do latín pasan xa para o galego-portugués como ditongos e que o galego pode manter aínda o timbre etimolóxico da vocal tónica; polo que se refire a *cheo* ~ *cheio*, podemos dicir que o hiato medieval formado por *e* pechado tónico e *o* ~ *a* finais se mantén en galego moderno, mentres que no portugués moderno insírese un iode que desfai o hiato; en *ceo* ~ *céu* (con *e* aberto tónico en hiato con *o* final) vemos que o portugués crea un ditongo secuencial (facilitando o cambio o paso, nese idioma, de *-o* final a *-u*), mentres o galego moderno mantén o hiato medieval (recórdese ademais que en galego nunca se deu o paso de *-o* final a *-u*); finalmente, en *moa* ~ *mó* vemos que tamén o galego común moderno mantivo as dúas vocais en hiato, mentres que o portugués e o galego do SE contraéronas (Williams 1975: 58 e 61-2, e *ALGa II*, mapas 18 “Cheo, chea”, 27 “Moa” e 237 “Meu, meus”). Con todo iso podemos dicir que nalgúns aspectos o galego se mostrou máis conservador. Aínda así, hai multitude de hiatos que galego e portugués mantiveron íntegros: *coroa*, *súa*, etc... (para os hiatos no portugués pode verse Naro 1973).

Incluso dentro do galego común, un mesmo hiato puido recibir tratamentos distintos a pesar de aparecer en contextos fonéticos aparentemente semellantes; vexamos algúns exemplos do que lle sucedeu a *ae* medieval, un dos encontros vocálicos que trataremos despois:

- [a.'e] → SAGĪTTA > s[a'e]ta > s['e]ta
- [a.'e] → CADĪMUS > c[a'e]mos
- [a.e] → ANIMALES > anim[«ae]s > animás ~ animais
- [a.e] → CADĪS > c[ae]s > caes ~ cais ~ cas ~ caies
- [a.e] → CALESCĒRE > c[ae]cer > qu[ε]cer
- [a.e] → CADĒRE HABĒBAT > c[ae]ría

Como vemos, non se dá moita uniformidade na súa resolución: nin dentro do grupo de palabras con *a* tónico, nin dentro do que presenta *e* tónico, nin dentro do agrupamento en que as dúas vocais son átonas. O grupo desapareceu completamente por varios medios se un dos seus membros non achegaba ningún tipo de información semántica nin gramatical, ou se esta se manifestaba de maneira redundante: en *seta* ou en *quecer* só estaba afectado o lexema, que se simplificou sen ningún custo semántico; en *animal* ~ *animás*, *real* ~ *reás* ou *curral* ~ *currás* o plural está suficientemente marcado coa alternancia *-l* : *-s* tralo lexema; nos exemplos en que vémo-la conservación do grupo, ou mellor, o intento de conservación, decatámonos de que en tódolos casos a vocal *a* pertence ó lexema (coma o *a* en *saeta* > *seta*, ou *caecer* > *quecer*), pero vemos que a vocal *e* non, pois desenvolve unha función morfolóxica fóra da raíz: se-la *VT* do verbo. Ademais, *caer* é un verbo, polo que está suxeito a unha flexión que responde a un paradigma con gran forza analóxica: *caer* está fortemente vinculado a *comer* ou a *beber*, e estes verbos teñen *VT* e nas P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub>, e *é* nas P<sub>4</sub> e P<sub>5</sub> (*Normas*: 120-1).

Aténdase que falamos de intento de conservación, non de conservación, xa que unha cousa é a función destas vocais na morfoloxía (que axuda a preservalas); outra, a necesidade que ten un verbo de manter esas unidades e esa función na súa morfoloxía; e outra distinta o contexto fonético en que aparecen e que padecen. A *VT* pode desaparecer en *ti caes* > *ti cais* > *ti cas* porque non semella moi necesaria gramaticalmente, pero tamén porque o contexto fonético non o impide; quizais a *VT* en *ti bebes* non é tamén moi necesaria gramaticalmente, pero o contexto fonético impide polo de agora a súa desaparición. En todo caso, a analoxía pode actuar sempre para *corruxir* irregularidades e levar ó rego formas ás que a súa evolución fonética común tornou *anormais*: así por exemplo, a evolución directa de *SALIT* latino foi *sal* ( $P_3$  do IPres do verbo *saír*, que aínda hoxe se conserva no galego); este cambio mostra a debilidade do *-e* final neste contexto e da pouca importancia que tiña a función morfolóxica de *VT* na gramática. En todo caso, a presión analóxica da morfoloxía das outras formas do verbo *saír* (*saio*, *saes*, *saímos*, *saídes*, *saen*, *saíra*, todas elas sen ningún *l*) e a presión da *C-III* (que ten na  $P_3$  do IPres *VT -e* e *SNP Ø*: *come*, *bebe*, *cae*) creou *sae*; tamén as formas portuguesa *põe* e galega oriental *poe* ~ *poi* para a  $P_3$  de *pór* son analóxicas e suplantán o resultado natural *pon* <  $P\bar{O}NIT$ . Calquera manual de lingüística histórica fala do poder disgregador que o desgaste fonético crea na expresión, e do labor reconstructor da morfoloxía: esta, ou ben frea os cambios, ou ben os crea, sempre co fin de clarifica-la expresión dos contidos semánticos ou gramaticais (véxase Aitchinson 1993: 140-69). Imos ver ó longo deste traballo máis casos en que estas tendencias combaten continuamente na procura dun equilibrio inalcanzable.

Amáis das restriccións de orde gramatical, existen outras de orde fonética que parecen non favorece-los procesos asimilatorios nin as contraccións: todo parece depender de que vocais se encontran en contacto, a orde en que aparecen, se son tónicas ou átonas e que lugar ocupa o acento... Así, por exemplo, nas agrupacións en que [a] aparece con vocais de grao medio [e] ~ [ɛ] ou [o] ~ [ɔ], parécenos que só se produce asimilación e despois contracción se a vocal central é a primeira do grupo e é átona ( $/a/ = v_1$  seguida de  $v_2$ ): *MAIÖREM* > [ma'or] > [mɔ'or] > [mɔr] *mor(domo)*, *CALĚSCIT* > [ka'etse] > [ke'etse] > [keθe] *quece*. Se [a] é a segunda vocal do hiato e é átona ( $/a/ = v_2$  fronte a  $v_1$ ), non hai contracción nin asimilación: *TĚLA* > [te'a] *tea*, *CORŌNA* > [kor'ōa] > [ko'roa] *coroa*<sup>4</sup>. Cando o [a] é tónico e ocupa o segundo lugar ( $/a/ = v_2$  fronte a  $v_1$ ) parece manterse *SOLANAM* > [ʃo'a] *soá* (aínda que hai casos de perda da vocal átona *JOHANNEM* > [fo'anj] > [faŋ] *Xoán* ~ *Xan*). Se [a] é tónico e é a primeira vocal do grupo ( $/a/ = v_1$  fronte a  $v_2$ ), o hiato transfórmase en ditongo secuencial: *MĀNŪM*

<sup>4</sup> Quizais sexa este o motivo polo que o galego non xeneralizou as asimilacións e contraccións do tipo *moa* > *mó* ([mɔa] > [mɔɔ] > [mɔ]) ou *avoa* > *avó* ([a'βɔa] > [a'βɔɔ] > [a'βɔ]), que como xa vimos, sí xeneralizou o portugués. Nótese que non se debe compara-la contracción de *abofé* < *a boa fe* coa dialectal galega e normativa portuguesa *m[ɔ]*, *av[ɔ]* (*Est.Crit.*: 90): en primeiro lugar, *boa* ten no galego e no portugués [o], *moa* tiña antes da contracción [ɔ] (compárese en portugués *m[ɔ]* ou *av[ɔ]* con *cor[oa]*, *ladr[oa]*, etc.); en segundo lugar, o *o* de *boa* neste contexto é átono protónico, non tónico (compárese cos galegos *corenta*, *gornición*, *gorida*); finalmente, este grupo *oa* non é final, coma en *moa*, *avoa*, etc., senón interior e protónico. A comparación non ten ningunha base.

> [mãõ] > [mau]<sup>5</sup> *mau* (dial.), PALŪM > [pao] > [pau] *pao* ~ *pau* (pop.) (aínda que tamén se dean casos de inserción de semivocais antihiáticas, sobre todo nos verbos: CADO > [kao] > [kaio] *caio*).

2.1.2. O galego común ten outra restricción relacionada con esta. Se as estruturas  $v^s v$  son inestables en galego, tamén o son as estruturas  $vy^s v$ , pois o galego non admite xeralmente que a unha sílaba trabada por unha semivocal se lle adxunte outra sílaba sen ataque (coa súa marxe explosiva libre ou baldeira). Estamos ante outro caso de preferencia da estrutura silábica CV sobre a estrutura V (Veiga 1982 e 1986; ILG-RAG 1982: 104-5). A solución dada a estes agrupamentos creados pola nosa historia lingüística, pasou por dúas posibilidades ben distintas:

a) refórzase (Hyman 1981: 193-205, Vennemann 1988: 16) a marxe esquerda da segunda sílaba ben coa transformación da semivocal da primeira sílaba en consoante adxuntada á segunda sílaba ( $vy^s v > v^s cv$ ), ben coa introducción unha consoante epentética antihiática entre a semivocal da primeira sílaba e a segunda sílaba ( $vy^s v > vy^s cv$ ):

Transformación da semivocal en consoante ( $vy^s v^s > v^s cv$ ):

a *auga* [au.'au̯a] > [a 'βau̯a]

RADĪA → [ra.ɹa] > [ra.ʝa] *raia*

*choio* (orixe descoñecida) [tʃɔ.ɹio] > [tʃɔ.ʝo]<sup>6</sup>

Introducción dunha consoante epentética ( $vy^s v > vy^s cv$ ):

AUDĪRE → [ɔu.'ir] > [ɔu.'tʃir] *ouguir* ~ [ɔu.'βir] *ouvir*, ou [ɔu.'tʃuir] *ouguír*

CLAUDĒRE → [tʃɔu.'er] > [tʃɔu.'βer] *chouver*

b) non se produce ningún tipo de reforzo e a semivocal pérdese; isto crea un novo hiato:

AUDIRE → [ɔu.'ir] > [ɔ.'ir] *oír*

AUDIS → [ʔɔu.'es] > [ʔɔ.'es] *oes*

CLAUDERE → [tʃɔu.'er] > [tʃɔ.'er] *choer*

<sup>5</sup> Hoxe as solucións *mao*, *irmao*, etc. considéranse dialectais, fronte ás estándar *man*, *irmán*. A creación desta última forma, para nós, ten máis que ver coa elisión dunha vocal ca cunha asimilación e posterior contracción do -o átono final. Abonde agora con dicir que para explica-los actuais resultados do grupo latino -ANŪM consideramos substancialmente válidas as hipóteses de Carvalho (1988), e que por falta de tempo, non entramos agora nesta cuestión.

<sup>6</sup> Esta tendencia á consonantización non ten por que ser castelanismo: “o iode de *moio*, *moia*, que en principio é VT, nalgún punto acabou consonantizando e pasou a formar parte do radical, desaparecendo como tal VT: *moY-o*, C-36; *moLL-o*, L-13; *moY-a*, *moY-as*, *moY-a*, *moY-a-mos*, en C-42 e L-6” (Fernández Rey 1978/9: 78); en Santiago de Compostela nós rexistramos [ʃaʝaʃ] *saias* (peza de roupa feminina). Pouco paralelismo pode haber entre estas formas e as castelás correspondentes: *muelo*, *muela* e *falda*.

Pois ben, é sabido que algunhas áreas dialectais do galego adxuntan o alomorfo /o/ ós verbos rematados en ditongos, igual ca na lingua medieval, en vez do esperado alomorfo /no/ (véxase § 4.1.). Esta combinación vai xerar formas coma as tratadas nesta sección: [part̪i̯u̯o] *partiuo*, [ˈbi̯a] *viua*, [aʃu̯ðe̯jo] *axudeio*, [ka̯n̪ˈte̯ja] *canteia*... Cómpre sinalar que aquí tódolos elementos do grupo vocálico teñen a función lingüística: os primeiros son VT, os segundos son SNP e os terceiros o propio pronome átono. Estas secuencias, a pesar da carga gramatical que soportan, están chamadas tamén á redución, polo que encaixan no grupo (b).

Álvarez Blanco (1980: 120 e seguintes; véxase tamén *ALGa II*, mapas 172 “Saudeino”, 174 “Deixouno” e 175 “Deixouna”) mostra que non é indiferente o ditongo que entre na combinación, e que tamén importa o xénero do pronome. Así, a lingua moderna (e a medieval tamén) perde o segundo elemento do ditongo con máis facilidade se este é *u* [u̯]; e dentro deste grupo, é mais habitual a redución ante o pronome masculino ca ante o feminino:

1. Z.1, Z.2 e Z.3 presentan [ʃau̯ðe̯jo], pero [de̯i̯ˈfo̯u̯] (< [de̯i̯ˈfo̯o] < [de̯i̯ˈfo̯u̯o]).
2. L.29, Le.2, Le.4, O.9, O.21, P.26, etc. presentan [ˈbi̯u̯] (< [ˈbio] < [ˈbi̯u̯o]), pero [ˈbi̯a].  
C.21 presenta [ˈbio] (< [ˈbi̯u̯o]) pero [ˈbi̯a].  
Z.2 presenta [de̯i̯ˈfo̯u̯], pero [de̯i̯ˈfo̯ua].

En (1) temos un ditongo decrecente en que unha semivocal palatal (VI<sup>s</sup>) soporta o hiato co [o] (vocal velar) do pronome átono masculino, e un ditongo decrecente en que unha semivocal velar (VU<sup>s</sup>) non resiste o hiato coa mesma unidade. En (2) temos un ditongo decrecente en que unha semivocal velar (VU<sup>s</sup>) soporta o hiato co [a] (vocal central) do pronome átono feminino, e outra vez un ditongo decrecente en que a semivocal velar non pode soporta-lo hiato coa outra vocal velar. Polo que se ve, unha secuencia –V̆I[o] parece máis estable ca unha secuencia –V̆U[o]; e unha secuencia –V̆U[a] é tamén máis estable ca unha secuencia –V̆u[o]. Todo isto se reduce a un problema fonético relacionado coa duración dos segmentos, xa que esta se ve influenciada pola estrutura que aqueles orixinan ó se combinaren, e pode facilita-la eliminación dos máis breves:

“Pode verificar-se ainda a influência do *contorno adjacente* quanto à duração intrínseca dos segmentos. Este facto deve-se à distância de articulação entre dois segmentos: quanto maior for a distância entre os pontos de articulação de dois segmentos adjacentes maior é o tempo de realização do primeiro para o segundo e, portanto, maior a sua duração. São processos de *restrição articulatória* que influenciam os segmentos de uma cadeia falada. Observada em várias línguas por vários autores, a influência da consoante posterior sobre a duração vocálica seria pois uma característica universal” (en Martins 1988: 120).

Parécenos que son eses *processos de restrição articulatória* os que operan neste caso, mentres que *raia*, *saia*, *raio*, *maio* poden acabar escollendo a vía (a) para reforza-la segunda sílaba do grupo vocálico.

Xa que en ningunha parte do galego se produciu un reforzo do tipo (a) da estrutura silábica da  $V_2$  (non se rexistran variantes \**axudouvo* [aʃuðouβo], nin \**axudougo* [aʃuðouɣo], nin \**axudogo* [aʃuðouɣo] nin \**axudovo* [aʃuðoβo]), o noso idioma evitou este problema que levaba cara á desaparición do *SNP* nestes contextos coa introducción dun cambio na morfofonoloxía do pronome acusativo  $P_3$ . Así, propiciou a extensión analóxica do alomorfo /no/ do pronome acusativo, que só aparecía tras nasal, ós verbos rematados en ditongo. Como di Mariño (1995: 70):

“Convén non esquecer-lo carácter de consoante “eufónica” que Saco Arce lle atribuíu á nasal nestas distribucións. Xa no galego medieval a adición do alomorfo /o(s), a(s)/ a unha forma verbal rematada en ditongo provocaba alteracións e reducións da secuencia vocálica resultante, converténdose nunha fonte de auténtica inestabilidade (*meteulo* > *meteuo* > *meteoo*; *matoulo* > *matouo* > *matoo*)”.

Este autor máis adiante salienta que esta inestabilidade (a existencia de formas *comeuo*, *comeo*, con perda do *SNP*) hoxe afecta ou maniféstase nas zonas que aínda non incorporaron o alomorfo /no/ a este contexto, e que foi “a necesidade de estabiliza-lo sistema” o que estimulou a busca e a consolidación destas formas analóxicas. De todos modos, non nos sorprende que unha das zonas en que se mantén o sistema de alomorfía medieval (o occidente coruñés) tamén manteña a forma *ouír*; parece, logo, que nestes territorios a lingua foi algo máis permisiva coa estrutura  $v\chi^sv$  e nin se precisou da mesma maneira ca noutras partes dese reaxuste que supuxo a extensión analóxica do alomorfo, nin se produciu o cambio *ouír* > *oír* (ou > *ouguir*, *ouvir*, *ougiír*)<sup>7</sup>.

## 2.2. Sobre as codas e os ditongos decrecentes

Como xa dixemos, da estrutura interna da sílaba só nos interesan os fenómenos que afecten á súa coda, pois os verbos cos que imos tratar só presentan problemas neste constituínte silábico. O que nós interesa aquí é recordar cantos e cales elementos caben nunha coda en galego, pois o noso idioma padece nela dúas restriccións secuenciais ben marcadas: (a) que se admita na coda un só elemento; e (b) que este elemento sexa exclusivamente unha semivocal ou unha realización dos fonemas /ɲ/, /l/, /r/, /s/ (e, no sistema non-seseante, tamén o fonema /θ/): [leʝte] *leite*, [koʝmeu] *comeu*, [kaɲ] *can*, [kaɲto] *canto*, [kaɲso] *canso*, [kampo] *campo*, [daʝ] *dás*, [daʝme] ~ [darne] ~ [dahme] *dásme*, etc... (Veiga Arias 1976: 118-9, Regueira 1989: 131-4). Destas restriccións da coda, as que nos interesan neste traballo

<sup>7</sup> Entre outros puntos, as formas *ouír* rexístranse en bloque no occidente coruñés e en puntos do suroeste de Pontevedra; na zona fisterrá parecen conservarse maioritariamente [deʝfoɲo] / [deʝfoɲa] sen máis cambios; no galego oriental (fóra do de Asturias) e no dos territorios arraianos con Portugal –zonas de *oír* ou de *ouguir* ~ *ouvir*– aparece [deʝfoɲo] ~ [deʝfoɲol] ~ [deʝfoɲel] ~ [deʝfoɲl] e [deʝfoɲa] ~ [deʝfoɲal], pero xa en concorrencia con [deʝfoɲ] ~ [deʝfoɲo] ~ [deʝfoɲol] e [deʝfoɲa] ~ [deʝfoɲa] ~ [deʝfoɲal], coa perda do *SNP*. En todo caso, na zona de Fisterra (*ouír*) dáse moita máis uniformidade e regularidade, mentres que non é así nos outros puntos. Véxase *ALGa II*, mapas 174 “Deixouno”, 175 “Deixouna”, e *ALGa I*, mapas 308 “Oír”.

son as que afectan á combinación  $v\gamma c^s$ , porque como vimos en § 2.1.1., son estruturas que se poden xerar da evolución dos hiatos a ditongos secuenciais.

Estas pautas xerais non se respectan sempre, e son violadas por motivos de orde morfolóxica: así, temos  $v\gamma c^s$  en

- pais* → /pai + s/ > [paĩs̺] en toda Galicia,  
*animais* → /ani'ma + is/ > [ani'maĩs̺] no galego estándar e no oriental,  
*irmau* → /ir'mau + s/ > [ir'maũs̺] no galego centro-oriental, e  
*meus* → /meu + s/ > [meũs̺].

Aínda así, e por causas que conviría aclarar, aparecen ás veces formas  $v\gamma c^s$  que saltan esta tendencia sen xustificacións de orde morfolóxica: *dous* [ˈdoũs̺], *pois* [ˈpoĩs̺], *despois* [deʃˈpoĩs̺] ou *máis* [ˈmaĩs̺] (e compostos *amais*, *ademais*, *xamais*...). Obsérvase, sen embargo, que no galego popular abundan as formas sen a semivocal para as tres últimas palabras: [ˈpoʃ], [deʃˈpoʃ]<sup>8</sup> e [ˈmaʃ]; sen embargo non existen na fala formas do tipo \*[ˈdoʃ]. Cómpre explicalo porqué desta situación. Hoxe en día só son posibles en galego dúas estruturas deste estilo:  $-v\gamma s^s$  e  $-vin^{s9}$ . Como exemplo á primeira estrutura temos *animais*, *pois*, *chapeus*, *xudeus*, *irmaus*. Da segunda estrutura aparecen exemplos en puntos do galego occidental e do galego oriental e sempre na morfoloxía verbal: *eu cantein* [kaŋˈteĩŋ] (cun  $-n$  SNP da P<sub>1</sub> do IPret, analóxico ó de *collín* ou *partín*), *eles poin*, *eles tein* ou *eles vein* (P<sub>6</sub> do IPres de *pór*, *ter* e *vir*). Sen embargo, non se rexistra en ningún punto do territorio lingüístico galego a estrutura  $-VUN^s$ , xa que onde se introduciu o SNP  $-n$  (analóxico e redundante) na P<sub>1</sub> do IPres dos verbos *dar*, *estar* ou *ir*, desapareceu sempre o wau primitivo (antigo SNP):

<sup>8</sup> No que se refire a *pois* e *despois*, debemos dicir que as formas con ditongo son máis innovadoras cás formas sen el (a base etimolóxica  $\text{pōst}$  evolúe regularmente a [ˈpɔʃ]); cómpre aínda dar unha explicación satisfactoria á orixe das formas con semivocal (*pois* ~ *despois* e tamén *pous* ~ *despous*). Na fala popular existen formas con vocal tónica aberta e pechada, tanto nas sílabas que conteñen un ditongo coma nas sílabas que son monovocálicas: [ˈoĩs̺] ~ [ˈoĩs̺] e [ˈoʃ] ~ [ˈoʃ] (véxase *ALGA II*, mapa 313 “Despois”; tamén nós as rexistramos na fala de Santiago). As formas sen a semivocal son para Lorenzo (1977) descendentes directas de  $\text{pōst}$ . Se isto fose así en tódolos casos, estas variantes debían presentar sempre a vocal tónica aberta [ɔ] (*despós* nunca é unha partícula átona, e *pos*, de ser átona, resulta sempre protónica, polo que non vemos motivos que poidan provocar un cambio de timbre). Nós pensamos que as formas [deʃˈpoʃ] e [ˈpoʃ] veñen das innovadoras [deʃˈpoĩs̺] e [ˈpoĩs̺] reducidas (a vocal tónica foi pechada pola inflexión que sobre ela exerceu a semivocal antes de desaparecer: [deʃˈpoĩs̺] > [deʃˈpoĩs̺] > [deʃˈpoʃ]); algunhas das formas [deʃˈpoʃ] e [ˈpoʃ] puideron crearse tamén deste mesmo xeito (o desaparece-la semivocal antes da inflexión).

<sup>9</sup> A tendencia a elimina-las estruturas constituídas por unha semivocal e unha consoante implosiva distinta desas dúas é xa antiga, e é a responsable de que hoxe o galego presente formas coma *col* < CAULI, a través dunha evolución [kɔ̯le] > [kɔ̯l] > [kɔl]; *lorbaga* < LAURI BACA; ou o topónimo *Vilamor* < VILLA MAURI, coa evolución [βila mɔ̯re] > [βilaˈmɔ̯r] > [bilaˈmɔr] (Alexandre Veiga 1982 e 1986). O *ALGA II* rexistra en dous puntos do galego exterior (A.7 e Le.1) codas de semivocal [ɥ] + [l] implosivo: [deʃˈfoɥl] ‘deixouno’ moi minoritaria fronte [deʃˈfoɥnɔl], que é analóxica. Como vemos, estas tamén están motivadas gramaticalmente.



parécenos fácil que /a/ cambie a /e/ ou a /ɔ/, porque articulatoriamente abonda con que perda un trazo distintivo para que deixe de ser unha vocal central e pase a ser unha nova vocal anterior ou posterior. Os pasos /e/ > /e/ e /ɔ/ > /o/ son moito máis simples, pois requiren un só cambio no modo de articulación, que no sistema vocálico galego é unha oposición de rango inferior á baseada no punto. Sen embargo non nos parece tan simple que /e/ pase a /a/, pois os cambios son máis fortes: unha vocal [-posterior] [-alta] [-baixa] ten que abandonar tódolos seus trazos e tomar dous novos que lle son completamente alleos ([+anterior] [+posterior], máis outro redundante [+baixa]). Ademais, o /e/ deste contexto está nunha posición átona final (a posición átona é de neutralización, e cando estas se producen entre vocais, a lingua xeralmente escolle o elemento máis pechado entre as unidades que perderon unha oposición funcional) e en hiato cunha vocal máis aberta: o proceso máis natural é a desnuclearización de V<sub>2</sub> coma no caso de *Caetano* > *Caitano* (pop.) –con vocal aberta semitónica– ou no de *AEREM* > *aire* ou *MAGIS* > *máis* (véxase tamén Schane 1979). Por outra parte, esta foi a evolución que se deu e que se dá nas P<sub>3</sub> do IPres e na P<sub>2</sub> do Imp (*cae* > *cai*, *sae* > *sai*), e non hai motivos para crer que a da P<sub>2</sub> e a da P<sub>6</sub> do IPres (*caes* > *cais* > *cas* ou *caen* > *cain* > *can*), as P<sub>5</sub> (*amades* > *amaes* > *amais* > *amás*), ou as terminacións dos plurais (*curraes* > *currais* > *currás*) deban ser distintas; finalmente, aínda hoxe está a producirse este fenómeno de borrado de [j] na P<sub>2</sub> e na P<sub>6</sub> ou nos adverbios *máis*, *ademais*, *despois*, *pois*, e non se verifica que en ningún punto se realice por asimilación (non se rexistran formas coma *traas*, *caan*, *maas*, *ademaas* ou *despoos*). Desde esta perspectiva, as grafías medievas -*aas* non teñen por qué representar só a asimilación do *e* postónico (Maia 1986: 659), senón que poderían ser vacilacións na escrita de formas que xa non se pronunciarían<sup>11</sup>.

### 3. OS VERBOS EN CUESTIÓN

Tendo presente agora todo o que levamos dito, é xa o momento de comeza-la análise das variantes da P<sub>2</sub>, P<sub>3</sub> e P<sub>6</sub> dos verbos de raíz vocálica; como xa dixemos, acometeremos este labor desde unha perspectiva de gramática histórica (atendendo á evolución interna das

---

modificación do seu punto de articulación, sen que a outra vocal o modificase (aínda que si puidese trocá-lo grao de abertura: compárese *c[a'e]nta* > *qu[e]nta* con *cincu[a'e]nta* > *cincu[e]nta*); (b) cando [a] forma un ditongo decrecente e se dá algún proceso asimilatorio (practicamente sempre), este camiña levando a vocal [a] cara ó punto de articulación da semivocal (-[au] > -[ou]), e -[aj] > -[ej]), pero non ó revés (ademais, mentres estes cambios son xerais, os cambios -[eɨ] > -[ou]), por exemplo, son rarísimos). É evidente que estes casos non se poden relacionar con *setenta* > *satenta* ou *semana* > *somana*.

<sup>11</sup> Confróntese co que di Maia (1986: 325-6) a propósito de formas coma *maão* ou *irmaão*: “A causa de tais gemações deve residir no facto de, pelo menos desde a época a que se referem os exemplos registados, ter começado a perder-se o valor fonético das vogais iguais em hiato (...). Em relação à Galiza, os exemplos recolhidos são relativamente tardios, dos sécs. XIV e XV”. Son formas que aparecen, aproximadamente, nas mesmas datas cás grafías -*aas* para os resultados de -*ānēs* e -*ālēs*. A nosa dúbida é se tamén comezaría a perderse o valor fonético dalgunha das vocais que constituían os hiatos formados por vocais distintas (isto é, se se produciron xa daquela as elisións que nós defendemos). Recordemos finalmente que ó lado das formas -*aas* hai sempre algunhas -*as*.

formas), e desde unha perspectiva diatópica (fixándonos na distribución dialectal actual das formas e nos posibles desprazamentos xeográficos que ó longo historia padeceron). Cando un mira un mapa dialectal pode senti-la tentación de pensar que as cousas foron sempre como alí se pintan; isto non ten por que ser estrictamente correcto. Entre as causas do cambio lingüístico está a variación fonética intralocal, pero non se debe esquecer tamén que o empréstimo interlocal é unha das formas de transmisión de cambio. Recordemos, por exemplo, que a gheada está nun proceso de retroceso social, pero tamén xeográfico; outras isoglosas galegas tamén sufriron correntes: a do seseo, a dos resultados de  $-\bar{A}N\bar{A}M$ , a das formas *cantás ~ collés ~ partís*... Está claro o interese que presenta o estudo da situación dialectal actual, pois é ben sabido que “a repartición das diversas áreas dialectais dun territorio lingüístico ten implicacións históricas e que a dialectoloxía fornece información acerca de evolucións esquecidas pola lingua común que foron quedando marxinaadas en zonas marxinais” (Mariño 1994: 11). Nós cremos tamén que o mapa dialectal deseñado polo reparto actual das variantes dos verbos implicados nestes procesos que imos describir móstranos os pasos evolutivos que padeceron ó longo da historia.

3.1. Son varias as posibilidades de agrupa-los verbos obxecto de estudo deste traballo. A nosa proposta non atende á conxugación á que pertencen, senón ó punto de articulación da VR nas  $P_2$ ,  $P_3$  e  $P_6$  do IPres (todos eles tiñan no galego medieval VT [e], semipechada, independentemente de pertenceren á C-II ou á C-III), xa que esta variación vai ocasionar diferentes hiatos con solucións distintas.

3.1.1. A) O primeiro grupo conformano os verbos que teñen unha VR tónica aberta, que é anterior no caso de *ter* e *vir* ([ʔ]) e posterior ([ʔ]) no caso de *pór*. Recórdese que a abertura da vocal de *pór* é analóxica coa dos verbos da segunda que teñen alternancia vocálica ([ʔkomo], [ʔkomeš], [ʔkome], [ʔkʰomemoš], [ʔkʰomeš], [ʔkʰomēŋ] de *comer*), xa que no latín tiña  $\bar{o}$ . Este grupo ímolo subdividir en dous: (I) os que padeceron ó longo da súa historia a caída dun  $-N-$  intervocálico (*ter*, *vir*, *pór*); (II) os que non tiñan tal consoante intervocálica latina.

I) Trala caída do  $-N-$  intervocálico xeráronse no galego medieval as formas con hiato *pōes*, *tēes*, *vēes* para a  $P_2$ , e *pōen*, *tēen*, *vēen* para a  $P_6$ , onde  $\bar{e}$  representa [ĕ],  $\bar{o}$  representa [ō] e  $n$  unha consoante nasal implosiva (Lorenzo 1988). A VT da  $P_3$  caeu coma calquera  $-e$  final precedido de  $-N-$ :  $P\bar{O}NIT > pone > pon$ ;  $V\bar{E}NIT > vene > ven$ ;  $T\bar{E}NET > vene > ten$ , igual ca  $PANEM > pan$ , deixando un  $-n$  en posición implosiva<sup>12</sup>. Dous son os bloques que forman hoxe os resultados deses hiatos medievais<sup>13</sup>:

<sup>12</sup> Para as formas *vén* e *ten* “convém observar que nem no período mais antigo surgem grafías com hiato, o que parece permitir que a evolución se processou através da perda de  $-e$ ” (Maia 1986: 596); consideramos que isto vale tamén para *pon*. Cfr., dunha banda, J.J. Nunes (1989: 77 e 111); Williams (1975: 59); Huber (1986: 90); Lorenzo (1988: 294-6); e doutra, Fernández Rey (1978/9: 284 e 307); Santamarina (1974: 43 e 45) di, p. 51: “la razón de esta eliminación es fonética: convertida la  $-n-$  en nasalidad, quedaron dos vocales en contacto: \**pōe*, \**tēe*, \**vēe*, de donde resultan formas contractas *pōn*, *tēn*, *vēn*”.

<sup>13</sup> Información tomada de *ALGa I*, mapas 317 “Poño, pos”, 318 “Pon”, 321 “Poñen / Pon”, 371 “Teño, tes”, 372 “Ten (Ipr.)”, 374 “Teñen”, 405 “Veño, vés”, 406 “Vén” e 408 “Veñen”.

## Bloques central e occidental

## Bloque oriental

|                |                        |                              |
|----------------|------------------------|------------------------------|
| P <sub>2</sub> | [pɔ̃s], [tẽs], [bẽs] | [pɔ̃i̯s], [tẽi̯s], [bẽi̯s] |
| P <sub>6</sub> | [pɔ̃ŋ], [tẽŋ], [bẽŋ] | [pɔ̃i̯ŋ], [tẽi̯ŋ], [bẽi̯ŋ] |

A explicación habitual para a redución daqueles hiatos medievais no paso ó galego común moderno fala de contracción das dúas vocais (Fernández Rey 1978/9: 308-9; Santamarina 1974: 43). Vistos os resultados que hoxe se observan ó longo do noso territorio lingüístico, sobre todo nas áreas periféricas (que consideramos xeralmente reflexo de fases evolutivas previas), e tendo en conta o que arriba dixemos da estrutura da sílaba e dos hiatos en galego, pensamos que se pode dar outra explicación para a redución do grupo vocálico en cuestión. As formas *pões*, *tēs*, *vēs*, etc. evoluíron en toda Galicia creando un ditongo nasal como resultado dun proceso de ditongación secuencial completamente natural [tē.ẽs] > [tē̃ē̃s] ~ [tē̃i̯s] e [pō.ẽs] > [pō̃ē̃s] ~ [pō̃i̯s]; nunha fase posterior, tendo en conta o que dixemos sobre a estrutura da coda silábica, e que o galego no seu desenvolvemento histórico acabou por non admitir vocais nasais, déronse varias solucións, aínda hoxe documentadas no noso territorio lingüístico:

a<sup>1</sup>) nunha primeira fase, nuns puntos perdeuse a nasalidade das vocais e os grupos quedaron como hoxe os rexistramos: hiatos reducidos a ditongos secuenciais (*pois* ~ *poin*, *teis* ~ *tein*, *veis* ~ *vein*). Estas formas impuxéronse, e hoxe perduran, no bloque oriental. Nesta área o iode inflexionou a VR [e] > [e], pero non [ɔ̃], vocal que aínda permanece maioritariamente aberta (Cfr. Veiga Arias 1976: 53).

a<sup>2</sup>) nunha segunda fase, posiblemente no bloque central do galego comezaron a xerarse formas sen a semivocal para evitar unha coda ramificada, que se expandiron con forza axudadas pola analoxía (*vas* ~ *van*, *has* ~ *han*, etc.).

Trala perda da semivocal, no galego común a P<sub>2</sub> é sempre transparente por culpa do *-l/ SNP*. Sen embargo, a diferenza entre a P<sub>3</sub> e a P<sub>6</sub> pasou a basearse na concordancia (P<sub>6</sub> [pɔ̃i̯ŋ] > P<sub>6</sub> [pɔ̃ŋ] = P<sub>3</sub> [pɔ̃ŋ]); este feito favoreceu na maioría do galego a aparición das formas *poñen*, *teñen*, *veñen*, analóxicas coa P<sub>1</sub> do IPres e con todo o SPres (*Normas*: 165).

b) mentres tanto, noutros puntos, antes de perderse a nasalidade perdeuse o iode: [tē̃i̯s] > [tē̃s], [pō̃i̯s] > [pō̃s]. O resto foi evolución natural do galego: a vocal nasal xerou unha consoante nasal (vc<sup>s</sup> > vnc<sup>s</sup>: *gãado* > *gando*). Temos restos destas solucións no sur de Pontevedra: [pɔ̃ŋs] *ti pos* en P.25, P.26, P.26b e P.29; [bẽŋs] *ti vés* en P.24; xa non hai restos de *tens*. Estas solucións indican que a nasalidade tivo que manterse durante máis tempo no occidente ca no centro –Cfr. *o irmán* con *o irmao*.

De tódalas maneiras, non se debeu de dar unha solución uniforme en toda a zona occidental: non hai máis que ve–los resultados do SW de Pontevedra, onde aínda hai datos de *poes* en P.29d (xunto co devandito *pons*), *teis*, *veis* (co devandito *vens*). Si foi xeral a substitución de todas esas P<sub>2</sub> e P<sub>6</sub> polas centrais *pos* ~ *pon*, *tes* ~ *ten*, *vés* ~ *vén*. Nunha das cartas a Gondomar (comezos do século XVII) documéntase *beis* e *bes* ‘bens’; estas formas

son un “claro precedente de certos resultados con idéntica resolución de hiato medieval –ē– que hoxe se usan nas comarcas da Louriña e o Condado. Falo das formas verbais *teis* e *veis* (con /e/)” (Mariño 1991: 253). Hoxe, nesa zona o plural de *ben* é *bens*.

Neste grupo de verbos o galego occidental e o central non admitiron as estruturas –VIS<sup>s</sup> e –VIN<sup>s</sup>, nin sequera cando estaban *protexidas* morfoloxicamente. Isto explica por que as novas formas [kan̄'teḹn] *cantein* (máis modernas ca *poin*, *vein* e *tein*), cun *SNP* hipercaracterizado pola nasal e a semivocal, comezan a ser reducidas a *cantén*: pérdese a semivocal *VT* e a *P*<sub>1</sub> queda suficientemente marcada co –/ŋ/. A final, un trazo redundante e analóxico transfórmase en *SNP* principal e ordena a desaparición do antigo *SNP* [i]; só a *VT* [e] garante a independencia entre a C–I e as C–II ~ C–III, que a teñen [i] neste contexto: *andén* ~ *comín* ~ *partín*.

Na zona oriental, sen embargo, existen sen problemas estruturas de –VIS<sup>s</sup> para a *P*<sub>2</sub> e –VIN<sup>s</sup> para a *P*<sub>6</sub> (aínda que tamén aquí se verifique a redución da construción redundante nas *P*<sub>1</sub> *andein* > *andén*): é a zona que mantivo tamén os plurais –*ais* (*cais* ‘cans’ ou *animais*), –*ois* (*canciois* ‘cancións’ e *farois*), etc., nos que o galego central e occidental eliminou a semivocal por redundante. Por outra parte, dado o contexto fonético de ditongo, o iode pechou o timbre da vocal tónica de *teis-veis* e *tein-vein*, que antes debeu de ser aberto (Veiga Arias 1976: 53); o timbre pechado, para nós, é marca redundante da oposición *P*<sub>3</sub>–*P*<sub>6</sub> (*el* [‘teŋ] : *eles* [‘teḹn] e *el* [‘beŋ] : *eles* [‘beḹn]); as *P*<sub>6</sub> con [‘eḹ] aínda se conservan en varios puntos por ser unha evolución secundaria<sup>14</sup>, mentres que a semivocal é a marca principal que opón formalmente a *P*<sub>3</sub> e a *P*<sub>6</sub>. Só se esta comezase a desaparecer da *P*<sub>6</sub>, o timbre pechado desta persoa podería tornarse marca principal, fronte ó aberto da *P*<sub>3</sub>. A conservación do iode ante nasal implosiva é a que fai innecesaria tamén a creación da *P*<sub>6</sub> analóxica.

II) O seguinte grupo de verbos está representado por formas coma *moer*, *roer*, *doer*, *oír*... O *ALGa I* só nos dá datos de *moer* e de *oír*<sup>15</sup>, que son os que imos usar de referencia. Estes verbos non tiveron ningún tipo de problemas para diferençiala *P*<sub>3</sub> da *P*<sub>6</sub>, e por iso os tratamos á parte, pero, polo demais, poderían agruparse cos ata agora vistos.

No *ALGa* son absolutamente maioritarias na *P*<sub>2</sub> en ámbolos casos as formas [‘mœḹs] *moes* e [‘œḹs] *oes*, seguidas moi de cerca das formas con iode [‘mœḹeḹs] e [‘œḹeḹs]. Como xa antes explicamos, resulta evidente que estes [i] son epénteses con función antihiática<sup>16</sup>: introdúcense para reforza-la marxe explosiva da sílaba co ataque baldeiro /es/. Deste xeito, conséguese que a *VT* se manteña silábica, o que asegura a súa permanencia e garante a coherencia cos outros verbos da C–II e C–III (*com–e–s* ~ *beb–e–s* ~ *moi–e–s*). De non se introduciren estes iodés, as formas [‘mœḹs] e [‘œḹs] xeralmente tenden a pasar a [‘mœḹs] e

<sup>14</sup> Coma o [o] pechado pola metafónia en *novo*.

<sup>15</sup> Información tomada de *ALGa I*, mapas 98 “Moes”, 99 “Moe (IPr.)”, 102 “Moen”, 295 “Oes”, 296 “Oe (IPr.)” e 298 “Oen”.

<sup>16</sup> Que apareza o iode en *moies* cremos que garante a exclusión do castelanismo como explicación da forma *oies* [‘œḹeḹs], que de ser castelanismo debería presentar de xeito máis abundante formas [‘œḹeḹs]. Sobre o reforzamento de [i] en [j], lémbrese o que xa comentamos.

[ɔ̃js] a través da desnuclearización da vocal átona (a creación dun ditongo secuencial). Como sabemos, é outro modo de evitar estruturas V<sup>s</sup>V. Estas formas ditongadas aparecen formando dous grupos no noso territorio lingüístico: un ó occidente, por Bergantiños, e outro no SE de Lugo e puntos de León á beira do Sil. Agora cómpre recordar que as codas ramificadas, como estas que vemos, son estruturas tamén inestables que tenden a simplificarse dalgún xeito. Así, no centro de Galicia xa xurdiu a innovación natural que elimina a secuencia dificultosa VIS<sup>s</sup> pasándoa a VS<sup>s</sup>: [mɔ̃js̃] e [ɔ̃js̃] > [mɔ̃s̃] e [ɔ̃s̃]. Vemos actuar aquí a mesma restricción silábica da estrutura da coda que xa actuou en *pos* [pɔ̃s̃], *tes* [tɛ̃s̃], e *vés* [bɛ̃s̃]. Visto a través dun esquema, a cousa quedaría:

[mɔ̃.ẽs̃] [ɔ̃.ẽs̃] > [mɔ̃jẽs̃] [ɔ̃jẽs̃], ou  
 [mɔ̃.ẽs̃] [ɔ̃.ẽs̃] > [mɔ̃ɛ̃s̃] [ɔ̃ɛ̃s̃] ~ [mɔ̃j̃s̃] [ɔ̃j̃s̃]  
 [mɔ̃ɛ̃s̃] [ɔ̃ɛ̃s̃] ~ [mɔ̃j̃s̃] [ɔ̃j̃s̃] > [mɔ̃s̃] [ɔ̃s̃]

É evidente que o dito vale para a P<sub>6</sub>. Caso á parte é a P<sub>3</sub>, que presenta unha secuencia vocálica en posición final absoluta. Neste contexto son escasas as formas [mɔ̃je] e [ɔ̃je], aínda que formen bloque no SE de Ourense. No caso de *oe*, [ɔ̃j̃] e [ɔ̃e] non se agrupan en ningún bloque nin área, aínda que parecen predominar formas con ditongo no occidente coruñés e na maioría dos puntos do galego oriental (predominando [ɔ̃e] no sur da Coruña e norte de Pontevedra); no caso de *moe*, [mɔ̃j̃] ocupa unha extensión menor, aínda que predomina no centro da Coruña. O que xustifica, para nós, a escaseza de formas con iode antihiático é o feito de aparece-la V<sub>2</sub> do hiato previo en sílaba libre en posición final absoluta. Ó non estar trabada por unha consoante é máis fácil a súa desnuclearización, ou esta prodúcese antes. O novo ditongo secuencial que se forma crea unha sílaba cunha coda simple (ṽ<sup>s</sup>ṽ<sup>s</sup> > ṽ<sup>s</sup>) e xa non é posible introducir-lo iode antihiático. Os ditongos ante o límite silábico interior de palabra (*leite*, *ouro*, *auga*) e en posición final absoluta na morfoloxía do verbo (*amou*, *comeu*, *partiu*, *andei*) son tan abundantes en galego que nada impide este cambio natural.

3.1.2. B) Aínda que teñan orixes (cronolóxicas e morfolóxicas) distintas, pensamos que podemos tratar *ir*, *saír* e *traer* en conxunto<sup>17</sup>, de xeito que conformen a segunda agrupación principal. Encontramos agora unha VR [a] central, en contacto coa VT [e], como xa sabemos, palatal.

Na páxina 167 das *Normas* danse un datos estatísticos que nos interesan: o número de concorrencias que teñen nos mapas do ALGa as variantes de *traes*, *trae* e *traen* (non se inclúen as variantes con semivocal antihiática):

<sup>17</sup> Información tomada de ALGa I, mapas 162 “Saes”, 163 “Sae, -ímos, -ídes”, 164 “Saen”, 284 “Vas, vai, van”, 381 “Traes”, 382 “Trae (IPr.)” e 384 “Traen”.

|                      | + VT [e]: "tra-e" | + VT [i]: "tra-i" | + VT Ø: "tra"  |
|----------------------|-------------------|-------------------|----------------|
| + P <sub>2</sub> /s/ | <i>traes</i> 96   | <i>trais</i> 22   | <i>tras</i> 53 |
| + P <sub>3</sub> Ø   | <i>trae</i> 87    | <i>traí</i> 79    | <i>tra</i> 1   |
| + P <sub>6</sub> /ɲ/ | <i>traen</i> 108  | <i>train</i> 21   | <i>tran</i> 50 |
| TOTAIS               | 291               | 122               | 104            |

Tan interesante coma o número de concorrencias é o punto xeográfico en que se dan. Na P<sub>2</sub>, *trais* aparece no oriente formando bloque; *tras* xorde no centro e no norte de Galicia; por fin, a forma *traes* encontrámola por todo o territorio, pero sobre todo dominando o centro e o occidente; para rematar, a variante con iode antihiático *traies* case non se rexistra. Na P<sub>3</sub> non se crea ningún tipo de área e aparecen mesturadas *trae* e *traí*. Na P<sub>6</sub>, *tran* volve a triunfar en todo Ourense e centro de Galicia; *traen* aparece por todo o territorio, pero sobre todo no occidente; *train* predomina no oriente.

Polo que respecta a *saír*, observamos que é maioritaria a raíz *sal-* (cun pequeno bloque de *sail-*), posible castelanismo. Nesta descrición imos prescindir das formas con *-l-*, que presentan problemas diferentes ós que aquí nos interesan. Así, se acometémo-la análise por persoas gramaticais, observamos que, polo que respecta á P<sub>2</sub>, *sas* domina no sur de Ourense; *sais* forma un pequeno bloque entre os puntos de Zamora onde se fixo entrevista e A Gudiña; *saes* alterna con *sais* en toda Galicia, sobre todo no occidente, con dominio da primeira (11 veces *saes*, 5 veces *sais*). Na P<sub>3</sub>, domina *sai*, que forma bloque no sur de Ourense e en Zamora; a posibilidade *sae* é escasa. Na P<sub>6</sub> domina amplamente *san*, sobre todo en Ourense; *sain* forma bloque nos puntos de Zamora e da Gudiña e alterna con *saen*, ambos moi minoritarios, no resto de Galicia (3 *sain*, 7 *saen*). Practicamente non existen formas con iode antihiático. Con todo, as formas sen *-l-* son moi minoritarias para podermos facer un cotexo fiable.

Finalmente, outro verbo que tamén nos interesa aquí é *ir*, que presenta unha situación dialectal moi simple e con pouquiñas variantes. En *ALGa I* (mapa 284 "Vas, vai, van") dánosen os seguintes resultados: P<sub>2</sub> *vais* ['baj̥s] rexístrase en C.21, C.27, O.17, Z.2 e Z.3; *vain* ['baj̥n] só se localiza en O.17 e Z.3 (aínda que nas notas do mapa dísenos que tamén aparece en Le.1 *veis* e *vain*). Nunca se rexistran formas con iode antihiático. Polo demais, *vas*, *vai*, *van* son practicamente as únicas en todo o territorio, incluso no galego oriental.

Para nós, a evolución deste verbo, e dos outros da serie con *VR* [a], non se pode separar do visto para *pór*, *ter*, *vir* e para *oír* ou *moer* antes<sup>18</sup>. Nuns casos (os menos) introdúcese

<sup>18</sup> Para Fernández Rey (1978/9: 272) "en *vas*, *van* e no ant. *va* houbo contracción de *VR* e *VT*. *Vai* xa se documenta nos textos antigos cun iode procedente do adverbio *iāi* (*va* + *i*, como *ha* + *i*); tamén pode pensarse na analoxía con *fai*, *traí*, etc. Na P<sub>2</sub>, P<sub>6</sub> o iode é analóxico da P<sub>3</sub>". Santamarina (1974: 46), sen indica-la orixe da *VT*, sinala que "-a- asimila a la *VT* en las P<sub>2</sub> y P<sub>6</sub>, que hubieran de otro modo originado \**vais* (Cft. *trais*) \**vain* (Cft. *train*) demasiado poco caracterizadas frente a *veis* 'vienes', *vein* 'vienen'." Huber (1986: 225) explica a aparición de *vas*, *van* como analoxía con *has* ~ *han*, *das* ~ *dan*, *estás* ~ *están*. Nós pensamos que son os resultados naturais das formas latinas, e que as variantes de *ir* con *VT* na P<sub>2</sub> e na P<sub>6</sub> son reliquias de estados anteriores.



parte, entre estes verbos de VR [a] as formas completamente reducidas *sas*, *tras*, *san*, *tran*, xa non son tan minoritarias ou raras coma nos de VR [e] ou [o] do grupo A-II, senón que ocupan extensións moito máis destacables (por exemplo dezasete *san* fronte a trece *sain* ~ *saen*). No verbo *ir*, esta redución é máis drástica, de modo que incluso supera ás formas A-I na redución da VT na P<sub>2</sub> e na P<sub>6</sub> e as variantes *vas* e *van* son practicamente únicas.

### 3.2. Recapitulando

Cremos que é o momento de ir explicando por que uns verbos actúan dunha maneira e outros doutra. Para isto imos axudarnos dun concepto que cremos de orixe sociolingüística: a *difusión léxica* do cambio lingüístico (Chambers / Trudgill 1994: 220-6; Aitchinson 1993: 89-97). O estruturalismo introduciu a noción de orde e sistema na explicación do cambio: obsérvase o sistema nunha fase cronolóxica T<sub>1</sub>, compárase co que se dá nunha fase posterior T<sub>2</sub>, e explícanse as diferencias que se xeraron como consecuencia do cambio e as posibles causas estruturais deste. Pero ese cambio, ¿produciuse ós poucos, ou repentinamente? Os estudos que se levan feito sobre os procesos de cambio lingüístico en marcha demostran que este non se produce dunha forma brusca nin afecta ó mesmo tempo a tódolos elementos susceptibles de padecer unha modificación. O cambio vai estendéndose de morfema a morfema no lexicón con vacilación continua: a velocidade da extensión, que non é uniforme ó longo do proceso, depende das facilidades que dea o contexto fonético e da frecuencia de uso das palabras. Así, polo que ó contexto fonético se refire, vemos que as secuencias B [a.eş.] resultaron máis propicias para desnuclearización [e] > [e̞] ~ [i̞] (e polo tanto a aparición dun ditongo secuencial) cás secuencias A-II [o.eş.], xa que abundan máis as solucións *trais* ~ *sais* cás solucións *mois* ~ *ois*; e tamén resulta naquel grupo B máis doada a absorción do [e̞] ~ [i̞] polo [s̞] implosivo ca neste A-II, pois as variantes *mos* e *os* son case excepcións fronte ás formas *tras* e *sas*. Isto explica tamén por que son raras as formas con iode antihiático no grupo B (nos verbos *caer* e *traer*), mentres que son abundantísimas nos do grupo A-II (*moer* e *oír*): se se dá cedo a desnuclearización non se pode introducir-lo iode antihiático, pero se esta é tardía, pódese evita-lo ditongo secuencial ó introducir-lo iode.

Polo que se refire á frecuencia de uso das palabras, resulta evidente que *ir* é un verbo máis usado ca *caer* ou *traer*, polo que é natural que hoxe practicamente só exista *vas* fronte á variedade *traes* ~ *trais* ~ *tras* ou a *caes* ~ *cais* ~ *cas*. O mesmo podemos dicir de *pór*, *vir* ou *ter* (que practicamente varreron os resultados con VT [i̞] en toda Galicia e non hai constancia de que chegasen a introducir semivocais antihiáticas) con respecto a *oír* e *moer*; e finalmente *oír* presenta un número maior de formas *ois* ~ *os* ca *moer* variantes *mois* ~ *mos*. En definitiva, nos verbos de uso máis frecuente, produciuse antes o ditongo secuencial, o que impediu que se chegasen a introducir semivocais antihiáticas e propiciou a redución do ditongo cando fá seguido de consoante explosiva; e ó revés, nos de menos uso, a desnuclearización foi máis de vagar, polo que foi posible salva-la nuclearidade da V<sub>2</sub> coa introdución da semivocal epentética.

Podería pensarse (*Normas*: 121) que o que puido favorecer a introducción da semivocal antihiática nos verbos *oír*, *moer*, etc. é que na P<sub>1</sub> do IPres e en todo SPres esta é xeral: *moio*, *moia*, *moias*, etc; e que esta non aparece en *pór*, *ter* e *vir* porque teñen esas formas sen semivocal (*teño*, *teña*, etc.). Sen embargo, a existencia desta mesma semivocal en *traer* (*traio*, *traia*, *traias*) ou en *caer* (*caio*, *caia*, *caias*...) non facilitou a súa extensión a *traes*, *traen*, nin a *caes*, *caen*, senón que, tanto no grupo A–I coma no grupo B, o cambio de hiato a ditongo foi tan rápido que non permitiu introducir nada que mantivese intacta a marxe silábica esquerda. E ademais, a semivocal case non se estendeu á P<sub>3</sub> de A–II, polo que pensamos que foron condicionamentos fonéticos e de frecuencia de uso os que funcionaron en todos estes cambios.

Un factor que pode retrasalo cambio, e que debemos ter en conta, é o sistema de analoxías que establecen uns verbos cos outros dentro da súa propia conxugación. Esta influencia axuda a reconstruí-lo paradigma continuamente e obriga á convivencia de formas novas e vellas. Vexamos a xeito de exemplo o que ocorre en C.28, onde se rexistrou [ʔeɣ] ~ [ʔɛɣ] ~ [ʔɔɣ] e [mɔɣ] ~ [mɔɛɣ]. Isto fainos presupor que debeu de existir unha alternancia entre as formas [ʔeɣ] e [mɔɛɣ] e as innovacións \*[ʔɛɣ] e \*[mɔɛɣ]; as segundas, cunha estrutura  $\acute{v}\chi C^s$  pouco estable, evolucionaron perdendo o iode coa función de VT e creando unha secuencia máis común  $\acute{v}C^s$  ([ʔɔɣ] e [mɔɣ]); as primeiras acabaron introducindo o iode antihiático  $\acute{v}^s v > \acute{v}^s \chi v$  ([mɔɛɣ] e [ʔɛɣ]), de forma que quedou protexida a VT ó se imposibilita-la súa desnuclearización. Finalmente, quizais sexa a analoxía a que contribúe a que o proceso morfolóxico que xera [ʔeɣ] se conserve como tal, ou que sexa *recreado* continuamente (sobre a base de *beb-e-s*, *com-e-s*, *part-e-s*, *par-e-s*, que nin perden a VT nin introducen ningunha semivocal).

En definitiva, para nós, as variantes *trais* ~ *train*, *cais* ~ *train*, *ois* ~ *oin*, *mois* ~ *moin* son, en galego, formas de transición nun proceso de debilitamento: “se dice que un segmento X {no noso caso [i]} es más débil que un segmento Y {ou sexa [e]}, si Y pasa por X en su camino hacia cero” (Hyman 1981: 198). Viamos ó primeiro que a desnuclearización de V<sub>2</sub> nos hiatos era un xeito de reforza-la estrutura da sílaba (véxase § 2.1.1.). Esta desnuclearización transforma a estrutura silábica completamente: V<sub>1</sub> deixa de ser unha sílaba libre para ser trabada; V<sub>2</sub> deixa de ser núcleo silábico e pasa a marxe ( $\acute{v}^s v > \acute{v}\chi$ ). Na P<sub>3</sub> pasamos de dúas sílabas libres a unha trabada, pero cun só elemento na coda ( $\acute{v}^s v^s > \acute{v}\chi^s$ ). Na P<sub>2</sub> e na P<sub>6</sub> tiñamos unha sílaba libre ( $v_1 = \acute{v}^s$ ) e outra trabada ( $V_2 = VC^s$ ); ó producirse a desnuclearización da vocal átona V<sub>2</sub>, créase unha nova sílaba con dous elementos na coda ( $\acute{v}^s v C^s > \acute{v}\chi C^s$ ). Este último cambio orixina un problema, pois o galego, como xa sabemos, só tolera un elemento na coda. É nestes contextos onde onde  $\chi = [i]$  acaba desaparecendo: por iso pensamos que  $\chi = [i]$  é un elemento debilitado con respecto a V<sub>2</sub> = [e]. E todo este proceso prodúcese pola imposibilidade que presenta o galego de manter certo tipo de hiatos e de codas.

#### 4. SOBRE A MORFOFONOLOXÍA DA P<sub>3</sub> DO PRONOME ACUSATIVO COA P<sub>3</sub> DO IPres

Estivemos vendo no apartado anterior como os verbos da C-II e da C-III coa raíz acabada en vocal tiñan unha gran tendencia a transforma-los hiatos de que constaban en ditongos secuenciais; e como esta tendencia funcionaba sobre todo na P<sub>3</sub>, por o hiato de que constaba en principio ter libre a última sílaba (isto é, ter unha estrutura silábica V<sup>s</sup>V<sup>s</sup>). Pois ben, é xa un feito coñecido de sobra a triple alomorfa que presenta o pronome acusativo da P<sub>3</sub> en galego<sup>20</sup>, e, no que atangue ó noso caso, a distribución complementaria que reserva /o/ ~ /a/ para as formas verbais acabadas en vocal nuclear (*come* > *cómeo*) e /no/ ~ /na/ para as formas verbais acabadas en ditongo (*axudou* > *axudouno*). Desde o momento en que *trae* [tra.e] pasa a *traí* [tra.i] é lóxico esperar que se produza un cambio na selección do alomorfo, pois dun contexto de sílaba nuclear final, pasamos a un contexto de ditongo final, e polo tanto o antigo conxunto [tra.e.o] *tráeo* debería presentarse agora como [tra.i.no] *traino*. Isto non sempre é así, e seguidamente veremos por qué.

Para comezar con esta explicación é necesario destacar que ata agora non tivemos en conta as formas subxacentes (fonolóxicas) das variantes implicadas en todos estes procesos, senón unicamente as formas de superficie (fonéticas), os cambios que nese nivel se producían (e as consecuencias que as mudanzas podían ocasionar na transparencia gramatical ou semántica). Desde este momento resúltanos imprescindible facer referencia á estrutura fonolóxica destas secuencias vocálicas.

De tódalas maneiras, esta importancia é desigual na P<sub>2</sub> ou na P<sub>6</sub> e na P<sub>3</sub>. Máis ben, no fondo é indiferente saber cal é a forma base de [tra.i.s] ou [tra.i.ŋ] (/tra.es/ ~ /trais/ ou /tra.e.ŋ/ ~ /traieŋ/), pois parece non afectar á súa morfofonoloxía. Ó se combinar calquera destas formas da P<sub>2</sub> ou da P<sub>6</sub> co pronome átono acusativo da P<sub>3</sub>, resulta indiferente cal sexa a estrutura silábica subxacente que presenten, pois seleccionarán o alomorfo do pronome en función da consoante final e non da última vocal:

|                              |                              |                            |
|------------------------------|------------------------------|----------------------------|
| <i>traes</i> > <i>tráelo</i> | <i>trais</i> > <i>trailo</i> | <i>tras</i> > <i>tralo</i> |
| <i>traen</i> > <i>tráeno</i> | <i>train</i> > <i>traino</i> | <i>tran</i> > <i>trano</i> |

Isto non é así no caso de [tra.i], pois as posibilidades son máis grandes, e polo tanto máis complexas.

##### 4.1. Comportamento do pronome acusativo ante a P<sub>3</sub> dos verbos estudados

Como acabamos de sinalar, unha vez que as secuencias *trae*, *oe*, *moe*, etc. pasan de hiatos a ditongos debería ser normal que houbera un cambio na escolla do alomorfo do pronome, pois a forma *o* preséntase ante vocal final (*ámao*, *ámeo*, *ámoo*) e *no* ante semivocal

<sup>20</sup> Para observa-la distribución na lingua destes alomorfos pode verse *Gram.* pp. 163-4 e *Normas* pp. 92-3; para coñece-lo proceso de xeración das formas e a súa distribución dialectal véxase Álvarez Blanco (1980: 119-136) e Mariño (1991: 454-66).

final (*amouno, ameino*). O certo é que xa Álvarez Blanco (1980: 133) comprobou que isto non sempre era así: o cambio de alomorfo dependía en moitos casos da antigüidade do ditongo. Así, en Goiriz (L.11) rexistrou formas coma *haino, vaino, faino*, cun ditongo xa antigo, pero solucións coma *templaio, levaio*, nas que o ditongo é máis moderno e xorde trala época medieval como resultado da caída do *d* intervocálico románico (*cantádeo > cantáeo > cantaio*). Arriba puidemos tamén observar como os dous membros dun matrimonio diferían no uso destas formas e o mesmo parecían face-los defensores das diferentes solucións estandarizadoras.

4.1.1. A verdade é que en Galicia non se rexistra tamén moita unidade no que se refire a estes agrupamentos. Tomando datos de enquisas dialectais elaboradas por nós e por alumnos do Departamento de Filoloxía Galega da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela podemos dicir que hoxe no noso territorio lingüístico<sup>21</sup> se rexistran as seguintes solucións co verbo *traer* + *pronome*:

- a) P<sub>3</sub> do IPres e P<sub>2</sub> do Imp: *tráeo*, que ocupa maiormente a periferia, e puntos do interior non moi próximos a centros urbanos ou vilegos (semiurbanos);
- b) P<sub>3</sub> do IPres e P<sub>2</sub> do Imp: *traio*, que ocupa maiormente a periferia, e puntos do interior non moi próximos a centros urbanos ou vilegos (semiurbanos);
- c) P<sub>3</sub> do IPres e P<sub>2</sub> do Imp: *tráeno*, que ocupa maiormente o centro de Galicia e puntos da periferia próximos a centros urbanos ou vilegos (semiurbanos); e
- d) P<sub>3</sub> do IPres e P<sub>2</sub> do Imp: *traino*, que ocupa maiormente o centro de Galicia e puntos da periferia próximos a centros urbanos ou vilegos (semiurbanos).

As solucións (a) e (d) case se poden explicar por si mesmas; aparentemente require máis extensión o tratamento dado polos informantes ó bloque formado por (c) e (d), pero tódolos resultados teñen a mesma xustificación: recordemos aquel treito das *Normas* xa citado (“podemos observar que o *-e* se interpreta como [e] e non como [i] porque a énclice do pronome non esixe o alomorfo *no, na, nos, nas* como ocorre cando a terminación do verbo é realmente un ditongo: *seino, hainas, leveinos, moeunas*, etc., pero *el móeo, el remóea* (e non *\*moino, \*remoina*”, na p. 121). En (a) e (b) atopámonos con formas que teñen un hiato *subxacente* /tra.e/, mentres que en (c) e (d) temos un ditongo /trai/. Recordemos que o fonema /e/ é núcleo silábico, que pode aparecer en posición postónica final absoluta, e que teoricamente pode realizarse como [ɛ], [e], [i], e mesmo, como vemos, [i̯] ou [ɛ̯] se vai precedido de vocal. O fonema /i/, que na posición final absoluta só aparece en posición de marxe silábica, pode realizarse como [ɛ̯] ou [i̯], coa única condición de non ter unha realización máis aberta cá da vocal nuclear (Veiga Arias 1976). Polo tanto, encontrámonos

<sup>21</sup> Os datos que temos só pertencen á Galicia administrativa; non contamos con datos para esta cuestión tomados do galego exterior.

ante uns sons [i] ou [e] que poden pertencer a dúas entidades fonolóxicas distintas: /e/ (ou /E<sub>2</sub>/ se se traballa con arquifonemas) ou /i/ (ou /I/, se se traballa con arquifonemas, ou /j/ se se considera a semivocal como consoante). O único que nos pode aclara-lo *status* fonolóxico deste son son os comportamentos morfolóxicos que orixina no pronome átono: se selecciona o alomorfo *no* estamos ante /i/, e polo tanto ante un ditongo, se selecciona o alomorfo *o* estamos ante /e/, e polo tanto, un hiato. Isto significa que

- a) as formas [traeo] ~ [traɛo] ~ [traïo] pertencen a /tra.e/, e que
- b) as formas [traɛno] ~ [traïno] pertencen a /tra.i/.

As formas *tráeno* na P<sub>3</sub> deben ter sempre un *e* asilábico [ɛ]; o cambio /tra.e/ > /tra.i/ pasa polas fases fonéticas [tra.e] > [traɛ] ~ [traï], e só se consolida fonoloxicamente cando o pronome requerido polo verbo é *no*: un ditongo fonético pode ser realización dun hiato fonolóxico. Como xa dixemos, esta operación non a podemos facer coa P<sub>2</sub> e coa P<sub>6</sub>; polo tanto, non podemos comprobar que hai por baixo de [traɛs] ~ [traïs] ou [traɛŋ] ~ [traïŋ].

Véxase tamén como na P<sub>3</sub> dos verbos o cambio non pasa nunca pola desaparición da semivocal *VT*, xa que como viamos antes (§ 2.1.2.) está relativamente segura ó quedaren en contacto dous sons heterorgánicos: un palatal e outro velar (cando se agrupa o verbo co pronome masculino), e un son palatal e outro central (cando se agrupa o verbo co pronome feminino). No caso de (a) vémo-lo proceso de cambio en marcha: dun hiato fonético e fonolóxico pásase a un ditongo secuencial fonético que primeiro transforma unha secuencia CV<sup>s</sup>V en CVV no nivel fonético, e máis tarde leva o cambio ó nivel fonolóxico, polo que se obtén, tras este proceso, unha secuencia vocálica máis segura; no caso de (b) vemos unha alternancia fonética natural entre dúas realizacións dun só elemento fonolóxico unha vez que este se consolida, ó esixi-lo alomorfo *no*: cfr. con [raɛo] ~ [raïo], [paɪ] ~ [paɛ], [graɔ] ~ [graɪ]<sup>22</sup>, etc.

4.1.2. Isto lévanos a ter que explicar por que en nalgúns puntos do noso territorio lingüístico existe esa alternancia nos resultados (*haino* pero *levaio*), isto é, por que observamos discrepancias entre unidades aparentemente afíns na súa estrutura (*el traino*, pero *el oio*), e tamén por que existen similitudes entre unidades con ditongos que quizais non teñan a mesma antigüidade nin orixes (*el oino* < ΑΥΘΙΤ, *el foino* < ΦΥΙΤ). A explicación debe buscarse polos mesmos camiños polos que andamos ó falarmos dos verbos, pois do mesmo xeito ca con eles todo parece relacionarse coa función dos elementos suprimibles (ás veces *VT*, ás veces *SNP*) e as analoxías que establecen con outros do sistema, a frecuencia de uso dos verbos, e o contexto fonético que orixinan. En determinados contornos fonéticos a *VT* ou o *SNP* poden desaparecer sen que isto supoña ningún atranco na transparencia

<sup>22</sup> Pode existir tamén [gra.o]; esta forma e as de arriban tamén poderían pertencer a unha forma base /gra.o/. Isto significaría que o cambio non se cosolidou en todo o galego. Habería que habilitar un recurso morfolóxico para descubri-la forma base: por exemplo os diminutivos *grauciño*, *grauíño*, *graiño*.

gramatical; só un contexto favorable e/ou a presión analóxica da morfoloxía poden contribuír na súa conservación. Agora xa sabemos que os ditongos decrecentes en posición final son estables en galego (pois este admite sílabas pechadas sempre que o elemento trabante sexa un só, véxase § 2.2.1.), e que tamén o é unha semivocal palatal seguida dunha vocal nuclear non palatal (secuencias  $-ví[o]$  ou  $-ví[a]$ ). Pero ademais, a final o ditongo fica asegurado porque, como xa levamos insistido, encontrámonos ante un contorno en que os seus elementos desenvolven funcións gramaticais na morfoloxía que xeran regras de selección alomórfica en función da estrutura silábica subxacente; estas últimas provocan que, unha vez consolidado o ditongo *fonolóxico*, apareza por forza da analogía a forma pronominal *no*; desta maneira, pérdese o contexto que provoca o virtual borrado da semivocal, pois créase unha estrutura  $c\acute{v}\gamma^s cv$ .

Os datos que temos, proporcionados por unha pequena enquisa elaborada por nós (véxase o mapa final), móstrannos que o cambio é máis rápido no verbo *traer*, xa que case tódolos informantes presentaron solucións *el traino* ~ *el tráeno*<sup>23</sup>, mentres que as variantes *el óeo* ~ *el oio* resultan maioritarias. Neste caso, pensamos que é o contexto fonético o que actúa: da mesma forma que antes o *a* tónico axudaba na eliminación da semivocal ante o  $-s$  da  $P_2$  e o  $-n$  da  $P_6$ , o que non favorecía a introducción de semivocais epentéticas antihiáticas, agora permite máis facilmente a transformación do hiato fonolóxico en ditongo fonolóxico. Pola contra, poucos foron os informantes que presentaron *el moino* ou *el roino*; neste caso é a frecuencia de uso o que debe xustifica-la discrepancia. Estas formas *moino* ~ *roino* rexistradas poderían incluso ser analóxicas das formas consolidadas *el traino* ~ *el oino*, pois como algún informante dixo “*moer* non se usa moito”<sup>24</sup>.

A frecuencia explica tamén por que todo o galego común posúe infaliblemente *foi* > *foino*, *hai* > *haino*, *vai* > *vaino*, a pesar de teren orixes etimolóxicas distintas (FŪIT, *ha* + *i* e VĀDĪT) fronte a esa oscilación *tráeo* ~ *traio* ~ *traino* ~ *tráeno*. Tendo isto en conta, non se debe pór en relación *foi* ou *vai* coas formas verbais de que estamos a falar (véxase *Est. Crit.*: 114), pois na actualidade mostran comportamentos morfolóxicos distintos.

<sup>23</sup> O cambio que leva a *traino* debe ser xa antigo, pois xa Saco y Arce na súa gramática describe o uso do “*n* eufónico” con este verbo: *levai-n-o* (cfr. co que dixemos arriba de Goiriz) e *traí-n-o* ó lado de *hai-n-a*, *vai-n-o*, etc. Non temos máis datos e cumpriría buscar nos textos dos nosos escritores para tentar deducir a antigüidade do fenómeno sen mestura—los casos de ditongo antigo (*comeu*) e moderno (*traí* ~ *oi*).

<sup>24</sup> “En la mayoría de los cambios, una innovación empieza lentamente afectando a un número relativamente pequeño de palabras y se acelera una vez que unas cuantas han participado de él. Se produce entonces una especie de despegue repentino que lleva a un número de palabras a adherirse al cambio en un corto espacio de tiempo. Más tarde, cuando prácticamente el cambio se ha completado, la velocidad de expansión del mismo parece disminuir, o incluso paralizarse, dejando a un puñado de palabras rezagadas con respecto a otras, que con el tiempo podrán cambiar o no. Finalmente, el cambio trata de introducirse por estos restos muy lentamente, lo que no siempre llega a conseguir” (Aitchinson 1993: 91-2). Contrastémo-lo *traino*, *oio*, *móeo*, *róeo* que rexistramos nalgúns informantes cos xerais *amontóeo*, *coróeo*, etc., onde  $-e-$  é SMT (e onde o ó xeralmente é [o], e non [ɔ]).

### 5. BREVE REFLEXIÓN SOBRE A ESTANDARDIZACIÓN DESTAS VARIANTES

Tendo todos estes datos nas nosas mans non queremos deixar de facer un breve comentario sobre as discrepancias que se observan neste punto no proceso estandarizador. O *Est.Crit.* condena como castelanizantes as formas do tipo de *cae, trae, sae, inflúe*: “ao lado de *trae, cae*, recólhe-se unha fortíssima presenza na fala de *trai, cai* (...) que nom é universal, como no caso de *vai*, pola pressom do modelo español” (*Est.Crit.*: 114); sen embargo non son consideradas castelanizantes as formas con *VT e* para a  $P_6$ , xa que se recomenda *caem, traem* (ó lado de *trazem*), *saem, moem, influem*:

| Norma autonomista |             |             |            |                | Norma reintegracionista |             |             |                          |                |
|-------------------|-------------|-------------|------------|----------------|-------------------------|-------------|-------------|--------------------------|----------------|
| <i>caer</i>       | <i>moer</i> | <i>sáir</i> | <i>oír</i> | <i>inflúir</i> | <i>cair</i>             | <i>moer</i> | <i>sair</i> | <i>oir</i> <sup>25</sup> | <i>influir</i> |
| R-VT-SNP          | R-VT-SNP    | R-VT-SNP    | R-VT-SNP   | R-VT-SNP       | R-VT-SNP                | R-VT-SNP    | R-VT-SNP    | R-VT-SNP                 | R-VT-SNP       |
| ca-e-s            | mo-e-s      | sa-e-s      | o-e-s      | -ú-e-s         | ca-i-s                  | mo-i-s      | sa-i-s      | o-i-s                    | -u-i-s         |
| ca-e-Ø            | mo-e-Ø      | sa-e-Ø      | o-e-Ø      | -ú-e-Ø         | ca-i-Ø                  | mo-i-Ø      | sa-i-Ø      | o-i-Ø                    | -u-i-Ø         |
| ca-e-n            | mo-e-n      | sa-e-n      | o-e-n      | -ú-e-n         | ca-e-m                  | mo-e-m      | sa-e-m      | o-e-m                    | -u-e-m         |

5.1. O portugués neste tipo de verbos presenta na  $P_2$  e na  $P_3$  unha grafía *-i* que representa unha pronuncia [ĩ], pero na  $P_6$  ten sempre *-em* que representa unha pronuncia [ẽ̃]: *caem* [ˈkajẽ̃], *saem* [ˈsajẽ̃]. Neste último caso, coma noutros no portugués, non hai correspondencia letra-son. Incluso con verbos que permitiron a contracción nas  $P_2$  e  $P_3$  (*lês ~ lê < lees ~ lee*), existe hoxe na  $P_6$  unha forma co hiato *lêem* [ˈlejẽ̃]: *vês ~ vê, pero vêem, ris*<sup>26</sup> ~ *ri*, pero *riem*. Isto débese a que no portugués padrón as *VT* destas  $P_6$  padeceron unha ditongación segmental ([ˈkaẽ̃] > [ˈkaẽ̃i]) antes de desnuclearizárense ou contraeren coa *VR*, o que pechou estas vías para a redución do hiato. Polo tanto, a grafía *-em* na  $P_6$  de calquera destes verbos está xustificada neste idioma, pois úsase para representar un ditongo nasal [ẽ̃i] en posición final, do mesmo xeito que *-am* representa [ẽ̃ĩ]. Polo que nós sabemos, este proceso de ditongación segmental non se produciu no galego (¿quizais pola presión do castelán?). Non se debe confundir letra (grafema) e son.

Pero, ¿cal é a razón desta discrepancia? ¿Por que consideran que a *VT e* é castelanismo na  $P_2$  e na  $P_3$  e non na  $P_6$ ? O *Est.Crit.* non o xustifica; tampouco o fai a *Guia*. Unha proposta

<sup>25</sup> Obsérvase que a normativa reintegracionista condena como castelanizantes as formas *caer* e *oír* (*oir* na súa ortografía): “A forma *cair* (...), algo minoritaria em relação a *caer*, também pode ser hoje algo menos extensa se temos em conta a probabilíssima influência do espanhol *caer*” (*Est.Crit.*:113); e também “Deve preferir-se *ouvir* (...). Esta conjugação é harmónica co português e hoje vê-se pouco estendida devido à influência do espanhol *oir*, apoiado no feito de que este verbo já se usava na época medieval ao lado de *ouvir*” (*Est.Crit.*: 124). Cfr. con *Normas* (120-1; 149-51). Sexa como for, *caír* ou *caer* terán a mesma *VT* na  $P_2$  e  $P_3$  do IPres, independentemente da conjugación a que pertencen.

<sup>26</sup> Non *ries*, como curiosamente propón *Guia*, e que en galego é castelanismo e en portugués padrón non aparece.

que escollese *sais, sai, sain* (ou sexa [ˈsaj̥s̺], [ˈsaj̺], [ˈsaj̺n]) tería coherencia interna e tamén a tería coa realidade dialectal do galego, á parte de ser máis diferencialista a respecto do castelán (aínda que non máis galega ou galeguizante). As causas da escolla reintegracionista non son lingüísticas, senón socio-político-lingüísticas: “Se os papéis atribuídos ao galego som os que cumpre umha língua (co)oficial, na formalización da escrita convergirán criterios nom sempre dominados polos «laços de solidariedade» [co pobo galegofalante] senom, com maior freqüência, polas relacións derivadas da distancia social entre os que exercem o Poder e os meros cidadaos”, pois a “corrección (e formalización) assenta nas clases dominantes da cultura” (*Est.Crit.*: 42). Pero dado que as nosas clases dominantes “nom se expressam em galego ou, simplemente, están a esnaquizar a cultura galega”, debemos prima-lo criterio de “harmonia cos outros galegos (português e brasileiro), usados *normalmente* polas respectivas clases dominantes da cultura”. En fin, visto que os galegos non podemos crear un estándar, deben se-las *clases dominantes* portuguesas e brasileiras as que o fagan. É o que se denomina estandarización exonormativa (baseada sobre modelos alleos), fronte á endonormativa (baseada en modelos propios)<sup>27</sup>.

5.2. Desde un punto de vista meramente técnico, a proposta reintegracionista non nos parece satisfactoria por varios motivos: escóllense formas excesivamente innovadoras, pois, como acabamos de ver, non están consolidadas ó longo do noso territorio lingüístico nin teñen unha morfoloxía unificada: parécenos máis recomendable a escolla dunha estrutura máis conservadora. Ademais, a lingua estándar créase para evitar fenómenos de variación; por isto é desexable que garde coherencia interna: unha escolla gráfica *sais, sai, saem* mantén un polimorfismo difícil de explicar desde o interior *da lingua galega* (o que complica o aprendizaje da morfoloxía verbal no modelo estándar escrito por introducir excepcións que podían ser aforradas). Outro motivo, dependente do anterior, relaciónase coa función principal da lingua estándar, i.e. facilita-la comunicación entre os membros da comunidade: se se complica a ferramenta, complícase a comunicación, o que fai a ferramenta inútil. O problema neste caso radica no concepto de comunidade, porque, ¿cal é a nosa comunidade?; e por isto mesmo, ¿está a lingua ó servicio da comunidade ou a comunidade ó servicio da lingua? Finalmente, nunha sociedade aberta, democrática e moderna, ¿é lícito loitar por mante-las distancias sociais, en vez de acurtalas?, ¿é realmente desexable que só *as clases dominantes* teñan acceso á lingua estándar?, ¿é desexable (e real) que só elas poidan xerar

<sup>27</sup> Cremos que a primeira escolla trae como consecuencia unha situación de diglosia *ó estilo Ferguson*: Lingua A, función alta ~ Lingua B, función baixa > Lingua A, gramática *difícil* e repertorio léxico amplo ~ Lingua B, gramática *fácil* e penuria léxica > Lingua A, literatura culta ~ Lingua B, literatura folclórica > Lingua A, estudada na escola ~ Lingua B aprendida na casa > Lingua A, prestixiosa ~ Lingua B desprestixiada. Por outra parte, máis de cento cincuenta anos de literatura galega demostran que as nosas *clases dominantes* puideron crear non só unha lingua estándar, senón tamén unha cultura burguesa galega que se sobrepuxo á popular (xa dicía Rodrigues Lapa que a cultura popular era o menos nacional da cultura); e para facer isto, os nosos escritores tomaron a fala que coñecían como modelo e traballaron sobre ela arrequentándoa, sen a desprezar.


contextos en que o uso da lingua estándar sexa necesario? Estas últimas son xa cuestións políticas que pouco teñen que ver coa Lingüística, e que a nós non nos incumben agora.

## 6. CONCLUSIONES

Tras recordar algunhas restriccións secuenciais que o galego presenta na estrutura da súa sílaba, ou que aparecen na combinatoria que estas unidades establecen para formar outras superiores, presentámo-la análise formal e xeográfica (sincrónica e diacrónica en ámbolos casos) dos verbos que durante a súa evolución xeraron un hiato na fase medieval da lingua. Estes hiatos estaban consitituídos por unha vocal que era parte da raíz do verbo e a outra que tiña a función de *VT*. Atendemos só á  $P_2$ , a  $P_3$  e a  $P_6$ , xa que estas persoas son rizotónicas. A causa desta selección está en que o hiato que mostran ten un comportamento distinto na morfoloxía verbal ó das arrizotónicas: mentres que na  $P_4$  e na  $P_5$  non se produce contracción nin perda de ningunha vocal, pois toda Galicia mantén *caemos* ~ *caedes* como tales [ka'eom̩s] ~ [ka'eðe̞s], é xeral en todo o territorio unha alternancia *cas*, *cais*, *caes*, debida, polo que nós pensamos, á posición do acento. Este deixa a vocal máis pechada en posición postónica final trabada por unha consoante imploriva na  $P_2$  e na  $P_6$ , e en posición postónica final absoluta na  $P_3$ . Todos estes condicionamentos fonéticos baseados na estrutura silábica, así coma os que se deben á calidade das unidades que entran nas combinacións (concretamente ó grao de abertura da vocal tónica), van conlevar cambios de distinta índole. En tódolos casos é evidente a tendencia á destrución do hiato por diferentes vías: na  $P_2$  e na  $P_3$  dáse unha tendencia maioritaria á desaparición da vocal pechada trala súa transformación en semivocal, cando vai precedida por [a]; pero cando a *VT* vai precedida por [o], a tendencia camiña cara á introducción dunha semivocal antihiática. Pola contra, cando nos encontramos ante a  $P_3$ , o que observamos é unha maior facilidade para a transformación do hiato en ditongo independentemente da abertura da vocal, e pola contra, menos casos de introducción de vocal antihiática.

A estes factores cualitativos cómpre engadir-lles outros cuantitativos, pois a descrición do contexto fonético non chega para explica-lo porqué dalgunhas diferencias. Así, vemos que os verbos que máis se usan padecen unha velocidade maior no cambio que provoca fenómenos distintos. Así, mentres nos verbos *pór*, *ter* e *vir* a *VT* desapareceu sempre nestes contextos, en verbos coma *oír*, *moer* ou *roer* esta mantívose máis tempo. Ademais, nestes últimos non só se mantivo máis tempo unha *VT*, senón que esta se mantivo máis tempo sendo silábica, o que permitiu habilitar un recurso fonético que a defendese: a introducción de semivocais antihiáticas. Este tipo de reforzamento da marxe silábica esquerda non se deu nos verbos *pór*, *ter* e *vir*, xa que estes perderon a súa *VT* máis rapidamente; para nós, isto débese a que son verbos que se usan máis cós outros.

Outro problema que tocamos foi a entidade fonolóxica das secuencias dos ditongos fonéticos. Vimos que esta só se pode determinar na  $P_3$  dos verbos, xa que dependendo de se selecciona un alomorfo *no* ou *o* do pronome acusativo átono  $P_3$ , encontraremos ante unha forma base /traɪ/ ou /tra.e/, respectivamente.



Finalmente defendemos unha escrita *moes ~ moe ~ moen* ou *caes ~ cae ~ caen* no proceso de estandarización que hoxe se dá no galego por seren formas coherentes entre si (o que facilita o aprendizado da norma estándar, xa que se evitan irregularidades inútiles na conxugación), por seren coherentes con toda a morfoloxía dos verbos da C-II e da C-III (e darse un proceso continuo de reconstrucción fundamentado nesa analoxía) e, sobre todo, por seren as máis conservadoras e, en fin, as máis congruentes cos usos maioritarios do galego, que como viñemos mostrando non trata igual tódalas secuencias só aparentemente semellantes.

### BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Aitchinson, Jean (1993): *El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia?*, Barcelona: Ariel.
- ALGa I = Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico Galego. Vol. I. Morfoloxía Verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALGa II = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico Galego. Vol. II. Morfoloxía Non-Verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Álvarez Blanco, Rosario (1980): *O pronome persoal en galego. Tese de doutoramento* (iné dita), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Carvalho, Joaquim Brandão de (1988): "Evolution phonologique, interférences grammaticales e aréologie: à propos des résultats de -ANU / -ANA en galicien", en *Vox Románica* 47, pp. 184-97.
- Chambers, J.K. / Trudgill, Peter (1994): *La dialectología*, Madrid: Visor.
- Est. Crit.* = AGAL (1989): *Estudo Crítico das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego* (Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega 1982), Ourense: AGAL.
- Fernández Rey, Francisco (1978/9): *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega. Tese de doutoramento* (iné dita), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Gram* = Álvarez, Rosario / Monteagudo, H. / Regueira, X.L. (1986): *Gramática galega*, Vigo: Galaxia.
- Guia* = AGAL (1988): *Guia práctico de verbos galegos conjugados*, Ourense: AGAL.
- Huber, Joseph (1986): *Gramática do português antigo*, Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Hyman, Larry H. (1981): *Fonología. Teoría y análisis*, Madrid: Paraninfo.
- Lloyd, Paul M. (1993): *Del latín al español*, Madrid: Gredos.

- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Tomo II, Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- Lorenzo, Ramón (1988): "Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo –ão en portugués", en *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Dieter Kremer (ed.), Tübingen: Max Niemeyer Verlag, pp. 289-326.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*, Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mariño Paz, Ramón (1991): *Estudio fenético, ortográfico e morfológico de textos do prerrexurdimento galego (1805-1837). Tese de doutoramento* (inérita), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño Paz, Ramón (1994): "Historia da lingua, lingüística histórica e dialectoloxía. Notas para a investigación e a docencia destas materias", *Cadernos de lingua* 9, pp. 5-25.
- Mariño Paz, Ramón (1995): "Introducción" a Fr. Martín Sarmiento, *Coloquio de vintecatroy galegos rústicos*, Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Martins, Maria Raquel Delgado (1988): *Ouvir falar. Introdução à fonética do Português*, Lisboa: Caminho.
- Naro, Anthony J. (1973): "Resolução do hiato vocálico em português: evidência diacrônica para traços binários", en *Estudos diacrônicos*, Petrópolis: Editora Vozes Ltda., pp. 52-70.
- Normas = ILG-RAG (1995): *Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego*, Santiago de Compostela: ILG-RAG.
- Nunes, José Joaquim (1989): *Compêndio de gramática histórica portuguesa*, Lisboa: Clássica Editora.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do norte da Terra Cha. Tese de doutoramento* (inérita), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Santamarina, Antonio (1974): *El verbo gallego*, Anexo 4 de *Verba*.
- Shane, S.A. (1979): "Reglas naturales en fonología", en *Cambio lingüístico y teoría generativa*, Robert P. Stockwell e Ronald K. S. Macaulay (eds.), Madrid: Gredos, pp. 268-305.
- Veiga Arias, Amable (1976): *Fonología gallega*, Valencia: Bello.
- Veiga Rodríguez, Alexandre (1982): "Oír, col, e outros casos de [o] < a u en galego", en *Verba*, 9, pp. 153-200.
- Veiga, Alexandre (1986): "Nota sobre algúns procesos reductivos de ditongos decrecentes en galego", en *Verba* 13, pp. 301-312.

- Veiga, Alexandre (1994): "Marca, neutralizacións e relacións xerárquicas no subsistema vocálico galego", en *Verba* 21, pp. 67-84.
- Vennemann, Theo (1988): *Preference laws for syllable structure and the explanation of sound change*, Berlín-New York-Amsterdam: Mouton de Gruyter.
- Williams, Edwin B. (1975): *Do latim ao português*, Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.